XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

axencia galega
de infraestruturas

CLAVE	TIPO DE ESTUDO
AC/16/089.06	PROXECTO CONSTRUTIVO

TITULO

ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543.
Treito: Barcia - Roxos P.Q. 1+800 - 4+150

DESIGNACIÓN	PUNTOS QUILOMETRICOS
BARCIA - ROXOS	PQ 1+800 - 4+150

PROVINCIA	REDE
A CORUÑA	PRIMARIA BASICA

DOCUMENTOS

TOMO UNICO
MEMORIA, PLANOS E PRESUPOSTO

ENXEÑEIRA DIRECTORA DO PROXECTO

Mª JESÚS TEJADA LÓPEZ

ENXEÑEIRO AUTOR DO PROXECTO

PABLO BLANCO FERREIRO

PBL	DATA	CONSULTOR
889.663,03 €	DECEMBRO 2016	ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.
PBL + IVE	EXEMPLAR	
1.076.492,27 €	1	

H:\ROMINA\EN N5200 USUARIOS\ROMINA\2017\Itinerario Peonil E Ciclista Na AC-543_Treito Barcia-Roxos\20-Planos\Portada.dwg

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543. TREITO: BARCIA– ROXOS

P.Q. 1+800 – 4+150

INDICE DO PROXECTO

DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA

ANEXOS Á MEMORIA

ANEXO Nº01: ANTECEDENTES
ANEXO Nº02: CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA.
ANEXO Nº03: XEOLOXÍA E XEOTECNIA
ANEXO Nº04: EFECTOS SÍSMICOS
ANEXO Nº05: CLIMATOLOXÍA E HIDROLOXÍA
ANEXO Nº06: PLANEAMENTO URBANÍSTICO
ANEXO Nº07: TRAZADO
ANEXO Nº08: MOVEMENTO DE TERRAS
ANEXO Nº09: FIRMES E PAVIMENTOS
ANEXO Nº10: DRENAXE
ANEXO Nº11: ESTRUTURAS
ANEXO Nº12: SOLUCIÓNS AO TRÁFICO
ANEXO Nº13: SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS
ANEXO Nº14: ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA
ANEXO Nº15: OBRAS COMPLEMENTARIAS
ANEXO Nº16: XESTIÓN DE RESIDUOS
ANEXO Nº17: ESTUDO DE SEGURIDADE E SALÚDE
ANEXO Nº18: COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS
ANEXO Nº19: EXPROPIACIÓNS
ANEXO Nº20: SERVIZOS AFECTADOS
ANEXO Nº21: PLAN DE OBRA
ANEXO Nº22: CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
ANEXO Nº23: XUSTIFICACIÓN DE PREZOS
ANEXO Nº24: PRESUPOSTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN
ANEXO Nº25: REVISIÓN DE PREZOS
ANEXO Nº26: VALORACIÓN DE ENSAIOS

DOCUMENTO Nº 2. PLANOS

ÍNDICE DE PLANOS

1. Situacion e emprazamento
2. Estado actual
3. Planta de conxunto
4. Planta xeral
5. Perfis
5.1. Lonxitudinais
5.2. Transversais
6. Seccións
6.1. Seccions tipo
6.2. Detalles
7. Planta de replanteo
8. Estruturas
9. Drenaxe
9.1. Planta de drenaxe
9.2. Perfís lonxitudinais
10. Sinalización
10.1. Planta de sinalización e defensas
10.2. Detalles de sinalización
10.3. Detalles defensas
11. Reposición de firmes

DOCUMENTO Nº 3. PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

DOCUMENTO Nº 4. PRESUPOSTO

- MEDICIÓNS
- CADRO DE PREZOS Nº 1
- CADRO DE PREZOS Nº 2
- PRESUPOSTOS PARCIAIS
- PRESUPOSTO XERAL

DOCUMENTO Nº 1. MEMORIA

ÍNDICE

1. ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS XERAIS
2. OBXECTO DO PROXECTO
3. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA
4. XEOLOXÍA E XEOTECNIA
5. EFECTOS SÍSMICOS
6. PLANEAMENTO URBANÍSTICO
7. DESCRICIÓN DA SOLUCIÓN PROPOSTA
   7.1 TRÁFICO
   7.2 ITINERARIO PROPOSTO: barcia – roxos (P.Q. 1+800 – 4+150)
8. FIRMES E PAVIMENTOS
   8.1 OUTROS ASPECTOS
9. DRENAXE
   9.1 DRENAXE LONXITUDINAL
   9.2 DRENAXE TRANSVERSAL
10. SINALIZACIÓN E SEGURIDADE VIARIA
11. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO
12. OBRAS COMPLEMENTARIAS E OUTRAS
13. EXPROPIACIÓNS E SERVIZOS AFECTADOS
14. ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA
15. IMPACTOS SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL.
16. COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS
17. ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE
18. ESTUDO DE XESTIÓN DE RESIDUOS
19. CONTROL DE CALIDADE
20. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS
21. PLAN DE OBRA
22. PRAZO DE EXECUCIÓN
23. PRESUPOSTO
24. PRESUPOSTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN.
25. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA
26. REVISIÓN DE PREZOS
27. PREGO DE CONDICIÓNS
28. PRAZO DE GARANTÍA
29. DOCUMENTOS DE QUE CONSTA O PRESENTE PROXECTO
30. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 123 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO
31. CUMPRIMIENTO DA LEI 8/1997 DE 29 DE AGOSTO DE "ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Y SU REGLAMENTO DE DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN" (DECRETO 35/2000, 28 XANEIRO).
32. OBRA COMPLETA
33. CONCLUSIÓN

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543. BARCIA – ROXOS. P.Q. 1+800 – 4+150

M E M O R I A

1. ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS XERAIS

Con data 16 de decembro de 2014 a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou o expediente de contratación en relación ao procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada para a adxudicación do: "Contrato de servizo de planificación de actuación de fomento da mobilidade sostible: Sendas peonís e/ou ciclistas na comarca de Santiago e redacción dos proxectos de construción derivados dela", con clave AC/14/067.06.

Unha vez analizada a documentación administrativa achegada polos licitadores, con data do 7 de maio de 2015 a Axencia Galega de Infraestruturas adxudica o contrato á consultoría ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A..

Finalmente, o 26 de maio de 2015 formalízase o contrato entre as partes (Axencia Galega de Infraestruturas e a consultoría ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.), comezando a contar dende o día seguinte o prazo de execución determinado e comprometéndose a empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., á execución do traballo con estrita suxeición ao Prego de Prescricións Técnicas aprobado e a aceptación do Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato.

Os traballos consisten, na redacción dun Estudo de Identificación de Sendas para definir a Estratexia para o Fomento da Mobilidade Sostible na Comarca de Santiago de Compostela e concellos Limítrofes, no que se levou a cabo unha análise da situación actual da área de estudo, no que respecta á mobilidade alternativa da poboación mediante o emprego de medios alternativos aos motorizados,en especial ao uso das sendas peonís e/ou ciclistas existentes, e se propuña a realización de actuacións concretas que permitiran potenciar esa mobilidade dentro da Comarca de Santiago e Concellos Limítrofes á mesma, nos que existe continuidade da rede autonómica de estradas.

En marzo de 2016 a Xunta de Galicia aproba os documentos: "Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia" e a "Estratexia para o fomento da mobilidade sostible na Comarca de Santiago de Compostela e Concellos limítrofes:Clave AC/14/067.06", documentos de planificación para o desenvolvemento das estratexias en materia de mobilidade alternativa a nivel local.

2. OBXECTO DO PROXECTO

Na "Estratexia para o fomento da mobilidade sostible na Comarca de Santiago de Compostela e Concellos limítrofes", centrado na Comarca de Santiago de Compostela e Concellos Limítrofes, cofinanciadas por fondos europeos FEDER 2014-2020, que define como un dos seus obxectivos temáticos específicos "Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores" (Obxectivo temático 04) e dentro do cal se encaixan os seguintes conceptos:

- Obxectivo temático: 04 – Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores.

- Prioridade de investimento: 04.05 – Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluído o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de adaptación con efecto de mitigación.

- Obxectivo específico:04.05.01 – Fomento da mobilidade urbana sustentable: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras da rede viaria, transporte ciclista, peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de subministración de enerxías limpas.

- Liña de Actuación: 16 – Medidas de apoio ao desenvolvemento da mobilidade urbana e interurbana sustentable: sendas peonís e ciclistas.

- Actividade: 35 – Desenvolvemento dun plan de mobilidade urbana e interurbana sustentable: Sendas peonís.

relacionáronse os focos de atracción de peóns e/ou ciclistas (incluíndo focos de tipo comercial, sanitario, relixioso, deportivo, lúdico, industrial, residencial, ...) cos seus puntos de xeración correspondentes (fundamentalmente residencias), de xeito que se deduciron as rutas peonís e/ou ciclistas que os une, identificando aquelas xa existentes e finalmente realizouse unha análise comparativa da oportunidade de executar cada un dos treitos de senda

Desta análise xurde a necesidade da construción dun itinerario peonil e ciclista na estrada AC-543, mais concretamente no treito: Barcia – Roxos (P.Q. 1+800 – 4+150), obxecto do presente proxecto.

Así pois, o conxunto de actuacións que se pretenden realizar, e que aparecen reflectidas no presente Proxecto, teñen por obxecto a definición de forma precisa das actuacións necesarias para dotar dun Itinerario Peonil á estrada AC-543, no treito que comunica os lugares de Barcia – Roxos (P.Q. 1+800 – 4+150).

Coa implantación do itinerario peonil perséguese, como obxectivo principal, fomentar a mobilidade alternativa, e por tanto alcanzar unha diminución do tráfico rodado motorizado diario que actualmente existe entre os lugares de Barcia e Roxos, de xeito que a poboación dos devanditos núcleos empreguen a senda peonil para os seus desprazamentos cotiás en lugar do vehículo particular, contribuíndo deste xeito a unha redución das emisións de carbono, ao mesmo tempo que se contribúe á mellora da seguridade vial neste treito da estrada AC-543.



Equipamentos e servizos próximos á senda peonil proxectada.

As condicións e/ou criterios básicos de deseño para a construción de sendas e/ou itinerarios peonís e ciclistas nas estradas de titularidade autonómica son fixadas polos servizos técnicos da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia a través da Orde Circular 4/16 pola que se actualizan os criterios para o deseño das actuacións contempladas na estratexia en materia de mobilidade alternativa e Galicia establecidos pola Orde Circular 3/2016, editada con data do 20 de xuño de 2016, e na que se contemplan os criterios básicos de deseño para a construción das devanditas sendas, de xeito que permitan circular en condicións de seguridade a peóns e, no seu caso, ciclistas nos deportivos.

Ao longo do presente proxecto describíranse, xustificaranse e valoraranse todas as actividades e aspectos relacionados coa obra, tendo en conta para elo as condicións económicas actuais e a necesidade de atender as múltiples necesidades co menor custe posible.

3. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA

A cartografía empregada inicialmente correspóndese coa facilitada pola Xunta de Galicia a escala 1:5000. Adicionalmente levouse a cabo un levantamento topográfico para a correcta definición das obras.

No *Anexo nº2. Cartografía e Topografía* faise cumprida descrición dos traballos cartográficos realizados, relacionándose os procedementos topográficos para a situación das bases de replanteo e o cálculo das poligonais, que permitiron replantear os puntos do eixe, e tomar os datos de campo necesarios para a correcta definición do Proxecto.

4. XEOLOXÍA E XEOTECNIA

Achégase no *Anexo nº3. Xeoloxía e Xeotecnia* as características xeolóxicas e xeotécnicas máis salientables da zona.

5. EFECTOS SÍSMICOS

Á hora de ter en conta ou non os posibles efectos sísmicos sobre as obras proxectadas, consultouse a "Norma de Construción Sismorresistente: pontes". NCSP-07. Real Decreto 637/2007 de 18 de maio.

Dadas as características das obras e a zona de actuación non se requiren a consideración dos posibles efectos sísmicos.

No *Anexo nº4. Efectos sísmicos* xustifícase detalladamente o cumprimento da normativa vixente.

6. PLANEAMENTO URBANÍSTICO

As obras proxectadas atópanse integramente no Concello de Santiago de Compostela.

As normas urbanísticas vixentes actualmente no concello son:

Concello	Figura	Data Aprobación
Santiago	Plan Xeral de Ordenación Municipal	03/10/2007

No PXOM de Santiago de Compostela (03/10/2007) o solo, neste treito, atópase clasificado como:

- Solo urbano: Ordenanzas 5 e 6
- Solo Rústico de protección de Infraestruturas: Ordenanza 18
- Solo Rústico de protección das augas: Ordenanza 19
- Solo urbanizable delimitado: SUNP-25 Plan de Sectorización Roxos-Quintáns
- Plan Especial de Mellora do Medio Urbano de Roxos: PEMMU de Roxos

As actuacións recollidas no presente proxecto cumpren coas prescripcións recollidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Santiago de Compostela.

No *Anexo nº6. Planeamento Urbanístico* atópanse recollidas as prescripcións referentes a cada tipo de solo atravesado polas actuacións.

7. DESCRICIÓN DA SOLUCIÓN PROPOSTA

O itinerario peonil e ciclista na AC-543 proxéctase pola marxe dereita da mesma.

A estrada AC-543 discorre entre o Concello de Santiago de Compostela ata Noia e conecta co núcleo de Bertamiráns.

O trazado en planta da presente actuación comeza no P.Q. 1+800 (P.Q. 0+000 do eixo mecanizado para o deseño da senda) no lugar de Barcia (Concello de Santiago de Compostela) da estrada AC-543, e remata no P.Q. 4+150 (P.Q. 4+401 do eixo mecanizado para o deseño da senda), no lugar de Roxos (Concello de Santiago de Compostela).

Actualmente a estrada AC-543 conta cunha calzada de 7 m aprox. (2x3,50 m) e con beiravías a ambos lados de 1,0 m mín, que varía en determinados puntos da mesma debido á proximidade das edificacións.

Estrada AC-543:

Provincia	A Coruña				
Estrada	AC-543 Vidán (Rotonda de Brandía) - Noia (AC-550)			Treito	1 0+500 31+630 Vidán Int. AC-550
Punto quilométrico	2	+ 760	IR	Rede	PB (Primaria Básica)
Calzada (m)	7,2		Pendente (%)	-0,4	UTM X 532.280
Nº de Carrís	2		Radio de Curvatura	710	UTM Y 4.747.366
Beiravía Esquerda (m)	1,5				UTM Z 146
Beiravía Dereita (m)	1,7				

O itinerario peonil proposto parte do lugar de Barcia, onde actualmente se está a executar unha senda peonil entre os P.Q. 0+000 e 1+800 (onde comezan as actuacións obxecto do presente proxecto):

Treito actualmente en execución.

Fin de actuacións. P.Q. 4+150

Tanto o trazado en planta como en alzado (pendente lonxitudinal) serán as actuais da estrada, dado que coa presente proposta non se persegue unha mellora do trazado ao tratarse dunha ampliación da sección transversal que permita dotar, pola marxe dereita, dun itinerario peonil a estrada AC-543.

Para elo ampliarase a sección transversal para albergar os novos elementos que pasaran a formar parte da nova plataforma, de xeito que será preciso realizar pequenos desmontes ou terrapléns co fin de obtelo ancho óptimo para a nosa senda peonil, buscando así a integración da senda na vía actual en condicións de seguridade axeitadas e cuns criterios de deseño sostibles ambiental e economicamente.

Para a execución da nova sección tomouse como referencia a liña de borde actual (marca vial branca (M-2.6)), reducindo a beiravía existente a 0,50 m en todo o treito de actuación, xa que nalgúns puntos as vivendas atópanse moi próximas á estrada e mantendo a actual beiravía non é posible lograr o ancho de itinerario peonil de 2,00 m.

Unha vez realizado o eixo realizarase a ampliación da plataforma cara ese lado ata conseguir o ancho desexado para executar a senda.

En torno ao P.Q. 2+080 da AC-543 (P.Q. 0+250 do eixo mecanizado da senda) faise preciso variar a xeometría do illote central para lograr o ancho mín. de 2,00 m e unha beiravía de 0,50 m, debido á existencia dunha vivenda moi próxima a calzada.

Os parámetros de alzado existente no tronco non sufrirá variacións respecto ao trazado actual, salvando zonas moi puntuais correspondentes ao acceso a vivendas, que se atopan a unha cota inferior da estrada, polo que será preciso adaptar o trazado lonxitudinal da senda aos mesmos, no *Anexo nº7 Trazado* descríbense estas zonas con detalle.

7.1 TRÁFICO

Consultouse a Memoria de Tráfico da Rede Autonómica de Estradas de Galicia do ano 2015, editada pola Xunta de Galicia, na que segundo o Mapa de Aforos de Tráfico para ese mesmo ano, despréndese que a estrada AC-543 ten unha IMD que oscila entre os 10.000 e 15.000 veh/día.



Fonte: Memoria de Estradas 2015 – Xunta de Galicia

Considerase que a intensidade de peóns será elevada, debido a que se trata dun treito que conecta con dous lugares, Barcia e Roxos (ambos pertencentes ao Concello de Santiago de Compostela) que contan con numerosos focos de atracción (centros docentes, asistenciais, comerciais, lúdicos…) co engadido de que entre os P.Q. 0+000 a 1+800 (onde comeza a presente actuación) estase a realizar actualmente unha senda peonil, e por outra banda, onde remata o noso itinerario peonil, está proxectado un novo treito, incluído no proxecto "Itinerario peonil e ciclista na AC-543. Treito: Roxos – Aldea Nova. P.Q. 4+150 – 5+040), de xeito que se logra unha continuidade e conectividade, entre as sendas e/ou itinerarios peonís existentes e/ou proxectados, entre dous concellos importantes da Comarca, Santiago de Compostela e Ames, quedando conectados mediante un único itinerario peonil, o que derivará nun fomento da mobilidade alternativa, e por tanto a alcanzar unha diminución do tráfico rodado motorizado diario que actualmente existe entre todos estes lugares.

7.2 ITINERARIO PROPOSTO: BARCIA – ROXOS (P.Q. 1+800 – 4+150)



Unha vez analizadas as características da zona (entorno, tráfico, centros de atracción, etc.), así como o espazo dispoñible e a simplicidade das obras, a solución proposta é a seguinte:

- O itinerario peonil e ciclista discorrerá en todo o seu percorrido pola marxe dereita da estrada AC-543, conectando e dando continuidade á senda que se está a executar actualmente tamén pola marxe dereita da AC-543, entre os P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+800, e a proxectada entre os P.Q. 4+150 – 5+040.
- O espazo en planta varía en toda a lonxitude (2.400 m) co fin de adaptalo ás características da zona, xa que se trata dunha zona con numerosas edificacións moi próximas á estrada, polo que se buscou aproveitalo espazo dispoñible ao máximo ao mesmo tempo que se garante a accesibilidade ás vivendas e a seguridade dos peóns.
- A sección tipo (para un ancho medio de 3,14 m) é a seguinte:



- Bordo tipo AXI prefabricado: bordo delimitador prefabricado de formigón gris, de sección rectangular de 22 cm de base (inferior) e 12 cm de altura, con chaflán redondeado na súa cara exterior se se coloca en borde, colocado de xeito que a senda e mailo bordo vaian elevados 3 cm sobre a rasante da calzada.
- Separador vexetal: franxa de 50 cm mín. de ancho que permite dar maior amplitude ao espazo de tránsito. Deseñase deste ancho co fin de dispoñer baixo esta zona verde a drenaxe lonxitudinal.
- Bordo tipo AXI prefabricado: bordo interno, de características idénticas ao situado entre a calzada e a senda, que delimita a zona verde da senda peonil, entre o que se intercalará un bordo tipo AXI prefabricado bicapa (formigón gris en base e negro na parte superior mediante adición de pigmento Formirapid nero 330, de dimensións idénticas ao prefabricado de formigón gris) no que irá plasmado o logotipo da estrada.
- Zona peonil: ancho mín. 1,80 m.

8. FIRMES E PAVIMENTOS

Seguindo os criterios establecidos pola Orde Circular 4/2016, pola que se actualizan os criterios das actuacións contempladas na Estratexia en materia de Mobilidade Alternativa de Galicia establecidos pola Orde Circular Seguindo os criterios establecidos pola Orde Circular 4/2016, pola que se actualizan os criterios das actuacións contempladas na Estratexia en materia de Mobilidade Alternativa de Galicia establecidos pola Orde Circular 3/2016, a solución adoptada foi a seguinte:

- Solución 1: Como criterio xeral e para todo o treito de actuación,como se recolle no *Anexo nº9. Firmes e pavimentos,* a solución adoptada foi a seguinte:



Seguindo o disposto para "Camiños Naturais. Manual de aspectos construtivos. 6. Normalización de aspectos construtivos" do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, tomouse a seguinte solución construtiva:

- Capa de asento:

Elimínarase a capa terra vexetal existente. A explanada sobre a que se asente a senda en toda a súa lonxitude será como mínimo chan axeito, do que se lle esixirá un CBR ≥10 e unha compactación mínima do 98 % do Próctor Modificado:

A senda peonil proxectada, en toda a súa lonxitude, terá como mínimo unha explanada tipo S2 e tráfico C4 definido na páxina 33 das recomendacións para o deseño de camiños rurais, antes mencionada:

Tipo de explanada	CBR	Módulo de deformación EV2 (kp/cm²)	Inspección visual
S0	3-5	150-250	Terrenos de mala calidad, bastante deformables, en los que el paso de unos pocos vehículos pesados sobre la explanada húmeda provoca fuertes roderas, haciendo inviable la circulación. En general, sus partículas son finas y plásticas. Pueden contener también algo de materia orgánica, detectable por su color oscuro y su olor (análogos a los de la tierra vegetal), u otros materiales que pueden provocar deformaciones apreciables. Así mismo puede ser el caso de rellenos recientes poco compactos, que en general se reconocen por contener en su interior restos o desechos, por ejemplo plásticos, cascotes, etc.
S1	5-10	250-500	Terrenos de calidad media, deformables, pero no exageradamente (es posible la circulación), con el paso de unos pocos vehículos pesados sobre la explanada húmeda. Se trata de suelos granulares (gravas, arenas, etc.) con partículas finas relativamente plásticas.
S2	> 10	> 500	Terrenos de buena calidad en los que el paso de vehículos pesados sobre la explanada húmeda no produce prácticamente huella. Están compuestos, en general, por gravas y arenas con pocos finos plásticos.

Para a formación desta explanada (S2) aplicarase sobre o solo existente 45 cm de solo seleccionado co fin de logralas características axeitadas (CBR ≥ 10 e EV2> 50 MPa).

- Pavimento:

A OC 4/2016, establece para o deseño en zonas urbanas ou asimilables a urbanas, en zonas con edificación dispersa, que o pavimento a empregar será de cor terrizo natural en zonal peonil ou zona compartida peonil e ciclista e que a sección será de 16 cm de formigón HF-3,5:



Figura 6.3.3. Catálogo de Secciones.
Fuente: Guía de empleo, proyecto y ejecución de pavimentos de hormigón en entornos urbanos. La respuesta sostenible para nuestros pueblos y ciudades. Instituto español del cemento y sus aplicaciones. 2002.

En base ao citado anteriormente, o paquete de firme a empregar en toda a zona de actuación, seguindo o disposto para "Camiños Naturais. Manual de aspectos construtivos. 6. Normalización de aspectos construtivos" do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio, e a OC 4/2016, é o seguinte:

- 16 cm de pavimento de formigón HF-3,5, coloreado en central ou con posterior estendido superficial por medio da aplicación de pigmento Chromafer in6086, óxido de ferro marrón, con acabado pulido mediante fratasadora e rodillo, mallazo e xuntas de retracción.
- 45 cm de solo seleccionado.
-

- Solución 2: P.Q. 1+890-1+960 a solución adoptada foi a seguinte:



- Imprimación slurry en cor, a base de resinas sintéticas, consistencia pastosa, aplicado sobre pavimento asfáltico existente.

- Solución 3: P.Q. 1+960-1+970 e 2+012-2+043 a solución adoptada foi a seguinte:



- O material a empregar nestes treitos de senda será un chan (xabre areoso, non plástico, con tamaño máximo 20 mm) tratado con cemento branco e compactado, nun espesor de 20 cm.

A estabilización realizárase en central e a dosificación do conglomerante será superior ao 3%, a súa resistencia a compresión aos 7 días deberá de estar comprendida entre os 1,5 e os 2,5 MPa de acordo ao estipulado no PG-3, sen realización de prefisuración nin xuntas de serrado.
O curado realizárase con auga pulverizada, mantendo a superficie húmida como mínimo 5 días, garantindo que a posta en servizo da senda non se realiza antes dos 7 días dende a súa execución.
A cor final será similar ao obtido no resto do itinerario peonil, para o que se engadirá pigmento cor óxido de ferrón marrón na súa fabricación central.

- 30 cm de solo seleccionado.

- Solución 4: P.Q. 1+970-2+012 a solución adoptada foi unha pasarela de madeira, co fin de salvar un regato existente de aproximadamente 2 m de ancho (no anexo nº 10 Drenaxe axúntanse os cálculos hidráulicos da sección adoptada):





- Pasarela pilotada en madeira de pino de 200 cm de ancho, formada por pilotes de 16-18 cm de diámetro cada 250 cm e sobre estes un pórtico de 200x15x10 cm, de tres rastreles de 15x7 cm e tarima ranurada de 20x4,5 cm, todo suxeito con tirafondos inox.
- Sobre esta pasarela dipórase de varanda de madeira tratada en autoclava, de 100 cm de altura, formada por postes de 9x9 cm cada 240 cm, pasamáns e largueiro inferior de 240x9,5x4x5 cm, reforzo inferior baixo largueiro de 9x9x9x cm e balaustres de 6cm de diámetro cada 10 cm.

8.1 OUTROS ASPECTOS

8.1.1. Entradas e accesos a propiedades privadas

Executáranse con carácter xeral en formigón en masa reforzado con mallazo coloreado igual a todo o itinerario peonil, dotando así de continuidade a todo o itinerario peonil.

8.1.2. Bordos

Os bordos a dispor no treito de actuación cumprirán coas seguintes características:

- Os bordos serán prefabricados de formigón gris, de resistencia mínima 20 N/mm^2, de sección rectangular de 22 cm de base (inferior) e 12 cm de altura, con chaflán redondeado na súa cara exterior se se sitúa en borde, colocado sobre unha soleira de formigón HM-20 de 10 cm de espesor.
- A cor dos bordos será a do formigón traicional.
  En puntos singulares identificados pola Dirección de Obra, colocarase unha peza especial realizada en formigón máis escura co tradiconal bordo onde se plasmará o seguinte logotivo:

Logotipo SENDAS DE GALICIA
Tipografía TW Cen Mt Condensed Extra Bold

Este logotipo fixarase pintado, en capa grosa, mediante o emprego dunha pintura plástica en frío de dous compoñentes, como determina o PG-3 para marcas viais. A pintura estará mesturada con micoresferas de vidro reflectivas, que tamén se espolvorearán por riba.

No caso de que o acabado superficial do bordo de formigón sexa moi rugoso ou teña moitas coqueras, poderase aplicar un morteiro de enlucido.

Naqueles casos onde a sección está composta por dous bordos (un adosado á calzado e outro delimitando a zona verde da peonil), o logotipo plasmarase só no bordo peonil (o máis alonxado da calzada).

A sección transversal do bordo que se empregará preferentemente é a seguinte:

Dimensións bordo prefabricado de formigón.



O bordo irá colocado elevado 3 cm sobre a rasante da calzada.

8.1.3. Separador vexetal – Zona verde

Proxéctase un separador vexetal de 90 cm de ancho de xeito que permite dar maior amplitude ao espazo de tránsito ao mesmo tempo que serve para dispoñer baixo o mesmo a drenaxe lonxitudinal (arquetas de recollida de pluviais) .

Esta zona verde estará formada por:

- Base de céspede con mestura de sementes: Ray gras inglés, Festuca rubra, Poa pratensis e Agrostis tenuis, mesturado coa especie de floración estacional Armeria marítima ou semellante, a xuízo do director da obra.
- O espesor mínimo de terra vexetal será de 20cm.

9. DRENAXE

9.1 DRENAXE LONXITUDINAL

Enténdese como drenaxe lonxitudinal o conxunto de elementos que recollen e conducen as augas pluviais caídas sobre a plataforma e as súas marxes ata que poidan ser evacuadas, ben por unha obra de drenaxe transversal ou ben directamente ao terreo natural, de xeito que non cause danos superiores aos permitidas á estrutura do firme.

Proxectáronse baixo o itinerario peonil, colectores de PVC Ø 315,400, 500 e 630 mm, a fin de recoller e transportar baixo o mesmo as augas de escorrentía provenientes da calzada e dos terreos adxacentes.

No Anexo nº10 "Drenaxe" achégase o cálculo detallado da rede.

9.2 DRENAXE TRANSVERSAL

En materia de drenaxe transversal, as actuacións a realizar neste senso correspóndense coa construción dunha pasarela peonil sobre un regato innominado afluente do rego de Roxos, de xeito que que permita o paso peonil sobre o mesmo.

Os cálculos hidrolóxicos e da sección adoptada realizáronse no *Anexo nº5. Climatoloxía e hidroloxía e nº10 Drenaxe respectivamente*, onde a partir dos datos obtidos e da bacía de aportación calculada, se levou a cabo o cálculo dos caudais obtidos para os distintos períodos de retorno e o deseño da sección adoptada.

10. SINALIZACIÓN E SEGURIDADE VIARIA

Para o estudio das marcas viais, sinalización vertical e colocación de elementos de contención de vehículos e balizamento, seguíronse as instrucións que se ditan a continuación:

Sinalización vertical:

- Orde Circular 8.1-I.C. aprobada por Orde FOM/534/2014
- Así mesmo, tívose en conta o catálogo de sinais publicado polo M.O.P.T. en Xuño de 1.992

Sinalización horizontal:

- Orde Circular 8.2 I.C. do 16 de Xullo de 1.987
- Nota informativa sobre prohibicións de adiantamento (15-02-91)

Para a sinalización de obras seguiranse as especificacións da Orde de 31 de Agosto de 1987, publicada no BOE do 18 de setembro de 1987 pola que se publica a Instrución 8.3.I.C. "Sinalización de obras" e do "Manual de exemplos de sinalización de obras fixas" de 1997 do Ministerio de Fomento.

No *Anexo nº13 Sinalización, balizamento e defensas* xustifícanse as tipoloxías empregadas e nos planos correspondentes detállase a sinalización proxectada no treito de estudo.

11. SOLUCIÓNS AO TRÁFICO

Dada a proximidade e a multitude de accesos a parcelas e vivendas existentes ao longo da traza e ao non contar con claras alternativas ao tráfico optouse preferentemente por simultanear as obras co tráfico rodado.

Para iso deberanse de adoptar as medidas de sinalización e balizamento necesarias para separar o tráfico das zonas de obras mediante os dispositivos específicos en cada caso. Se fixese falta o corte dun dos carrís estableceranse as prioridades de paso entre sentidos mediante o correspondente sistema de semaforización.

No *Anexo nº12. Solucións ao tráfico*, recóllense os dispositivos de sinalización que deberán ser tidos en conta durante a execución das obras, para o que se seguirán as especificacións da Orde de 31 de Agosto de 1.987, publicada no BOE de 18 de Setembro de 1987, polo que se publica a Instrución 8.3.-IC "Señalización de las obras" e do "Manual de ejemplos de señalización de obras fijas" de 1997 do Ministerio de Fomento.

12. OBRAS COMPLEMENTARIAS E OUTRAS

Coma actuacións adicionais, contémplanse a seguintes obras complementarias:

- Instalación para comunicacións: proponse a instalación de 4 tubos de PVC Ø 63 mm reforzados con formigón para redes de telecomunicacións coas correspondentes arquetas de rexistro e conexión seguindo o indicado no Decreto 150/2014, do 27 de novembro.
- Limpeza e remate de obras

13. EXPROPIACIÓNS E SERVIZOS AFECTADOS

Nos Anexos correspondentes figura a valoración dos terreos e bens que é preciso expropiar para a execución das obras, así coma a correspondente ós servizos de electricidade e telefonía afectados.

En ditos anexos inclúense os planos parcelarios que reflicten os terreos afectados polas obras,

O presuposto de expropiacións e bens afectados ascende á cantidade de: **seis mil oitocentos oitenta e catro euros //6.884 // -Euros.**

O presuposto de servizos afectados ascende a: **dezasete mil cento cincuenta euros //17.150,00//-Euros.**

14. ORDENACIÓN ECOLÓXICA, ESTÉTICA E PAISAXÍSTICA

O proxecto non discorre polo interior de ningún Espazo Natural nin espazo definido na Rede Natura 2000.

O proxecto non se atopa comprendido nos supostos do Anexo I da Lei 21/2013, nin no Anexo II, proxectos menores, polo que non se considera necesario a realización dun Estudo de Impacto Ambiental.

15. IMPACTOS SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL.

No *Anexo nº14 Ordenación ecolóxica, estética e paisaxística* recóllese un inventario do patrimonio cultural en base á consulta do PXOM de Santiago de Compostela (03/10/2007).

16. COORDINACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS

Para detectar as afeccións aos servizos existentes que se producen polas obras do presente proxecto, solicitouse informacións aos seguintes Organismos e Compañías:

TITULAR O CONCESIONARIO	CLASE DE SERVICIO	SITUACIÓN	TIPO DE AFECCIÓN
Concello de Santiago	Alumeado	Ao longo de toda a actuación	Reposición
VIAQUA	Saneamento e abastecemento	Ao longo de toda a actuación	Reposición
GAS NATURAL FENOSA	Rede de gas	Ao longo de toda a actuación	Reposición
TELEFÓNICA	Telefonía	Ao longo de toda a actuación	Reposición
UNIÓN FENOSA	Rede eléctrica	Ao longo de toda a actuación	Reposición

No *Anexo nº18. Coordinación con outros organismos* recóllese a información recibida así como as autorizacións e/ou permisos necesarios.

17. ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE

Como Anexo á Memoria do presente Proxecto, inclúese un Estudo de Seguridade e Saúde no traballo co obxecto de dar cumprimento ó R.D. 1627/1997 do 24 de outubro.

Ascende o importe da partida destinada á Seguridade e Saúde á cantidade de: tres mil novecentos vinte euros con cincuenta e cinco céntimos (7.682,15 €.-).

18. ESTUDO DE XESTIÓN DE RESIDUOS

Achégase coma Anexo á presente Memoria o Estudo de Xestión de Residuos de acordo co R.D. 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.

Ascende o importe do capítulo destinado á Xestión de Residuos á cantidade de: tres mil novecentos sesenta e oito euros con setenta céntimos (8.795,07 €.-).

19. CONTROL DE CALIDADE

En base as medicións de proxecto e en función do número de ensaios de cada tipo que esixe a normativa vixente, no Anexo 26 realizouse a valoración económica correspondente o control de calidade da obra. En tanto que esta excede o 1% do PEM obrigatorio para o adxudicatario das obras, engadiuse a diferenza coma unha partida independente no presuposto.

20. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

En cumprimento do artigo 1 da Orde do 12 de Xuño de 1.968 (B.O.E. do 25 de xullo) e posterior modificación pola Orde Ministerial do 21 de Maio (B.O.E. do 28 de Maio) realízase a xustificación do importe dos prezos unitarios que figuran nos cadros de prezos.

Dentro dos prezos elementais destínguense:

- Custes directos
- Custes indirectos

Xustifícanse os prezos adoptados, baseándose no custe de materiais, a "pé de obra" e maquinaria existentes no mercado, que proporcionarán as casas subministradoras e publicacións especializadas.

21. PLAN DE OBRA

Como Anexo á presente memoria, inclúese un Plan de Traballo para a execución da obra, con indicación, mediante un esquema de barras e presupostos mensuais dos distintos tallos e do prazo necesario para a execución dos mesmos.

22. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución das obras que se propón é de **(6) SEIS MESES**. Dito prazo comezará a contar a partir do día seguinte da firma da Acta de Comprobación de Replanteo.

23. PRESUPOSTO

Ascendo o Presuposto de Execución Material á cantidade de **SETECENTOS CORENTA E SETE MIL SEISCENTOS QUINCE EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS //747.615,99//-EUROS.**

ACENDE O PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN (sen IVE) Á EXPRESADA CANTIDADE DE: **OITOCENTOS OITENTA E NOVE MIL SEISCENTOS SESENTA E TRES EUROS con TRES CÉNTIMOS //889.663,03//-EUROS.**

Ascende o IVE (21%) á expresada cantidade de CENTO OITENTA E SEIS MIL OITOCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS //186.829,24//-EUROS.

ASCENDE O PRESUPOSTO TOTAL (PBL+IVE) Á EXPRESADA CANTIDADE DE: UN MILLÓN SETENTA E SEIS MIL CATROCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS con VINTE E SETE CÉNTIMOS //1.076.492,27//-EUROS.

24. PRESUPOSTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN.

O valor total das expropiacións e bens afectados ascende á cantidade de **SEIS MIL OITOCENTOS OITENTA E CATRO EUROS //6.884 // -Euros.**

Ascende a reposición dos servizos afectados, á cantidade de **DEZASETE MIL CENTO CINCUENTA EUROS //17.150,00//-Euros.**

ASCENDE O PRESUPOSTO DE EXPROPIACIÓNS E SERVIZOS AFECTADOS Á CANTIDADE DE:**VINTE E CATRO MIL TRINTA E CATRO EUROS //24.034,00//-Euros.**

ASCENDE O PRESENTE PRESUPOSTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN Á CANTIDADE DE: UN MILLÓN CEN MIL CINCOCENTOS VINTE E SEIS EUROS con VINTE E SETE CÉNTIMOS //1.100.526,27//-EUROS.

25. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

De acordo co establecido no Art. 25 do Regulamento Xeral das Administracións Públicas, o contratista que licita para a adxudicación das obras, deberá ter a clasificación que se establece a continuación, e que se xustifica no Anexo nº19 "Clasificación do Contratista".

1) **Grupo: G**: Viais e pistas

   Subgrupo 6: Sen cualificación específica

   Categoría 4: Cando a anualidade media exceda de 840.000 e inferior ou igual a 2.400.000 euros.

A clasificación arriba indicada é unicamente a proposta polo proxecto, será definitiva a que indique o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

26. REVISIÓN DE PREZOS

Non procede a revisión de prezos conforme ao RDL 3/2011, de 14 de novembro, texto refundido da lei de contratos do sector público, e consonte á Resolución de 15 de abril de 2014 da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas.

De tódolos xeitos, aínda que o prazo previsto non excede o ano, non implica que a execución se demore, polo que se propón a continuación a fórmula tipo de revisión de prezos para o contrato de execución da presente obra, de entre as aprobadas por Decreto 1359/2011 de 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e os planteamentos-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obra de subministro de fabricación de armamento e equipación das Administracións Públicas.

Formula nº 382.- Urbanización e viais en entornos urbanos:

$$K_t = 0{,}03\frac{B_t}{B_0} + 0{,}12\frac{C_t}{C_0} + 0{,}02\frac{E_t}{E_0} + 0{,}08\frac{F_t}{F_0} + 0{,}09\frac{M_t}{M_0} + 0{,}03\frac{O_t}{O_0} + 0{,}03\frac{P_t}{P_0} + 0{,}01\frac{Q_t}{Q_0} + 0{,}14\frac{R_t}{R_0} + 0{,}12\frac{S_t}{S_0} + 0{,}01\frac{T_t}{T_0} + 0{,}01\frac{U_t}{U_0} + 0{,}32$$

27. PREGO DE CONDICIÓNS

O Prego de Prescricións Técnicas Particulares, que han de rexer na execución das obras, parte da descrición das mesmas, as Normas e Disposicións legais vixentes de Obrigado Cumprimento, en canto non sexan modificadas polo Prego do Proxecto e se concretan os materiais a empregar, o seu emprego e confección das distintas unidades de obra e se fixa o criterio de medición e abono.

28. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía das obras será de **DOCE MESES** contados a partir da data do día seguinte ó da firma da Acta de Recepción.

29. DOCUMENTOS DE QUE CONSTA O PRESENTE PROXECTO

DOCUMENTO Nº 1.- MEMORIA, cos Anexos seguintes:

Anexo nº1 – Antecedentes
Anexo nº2 – Cartografía e topografía
Anexo nº3 – Xeoloxía e xeotecnia
Anexo nº4 – Efectos sísmicos
Anexo nº5 – Climatoloxía e hidroloxía
Anexo nº6 – Planeamento urbanístico
Anexo nº7 – Trazado
Anexo nº8 – Movemento de terras
Anexo nº9 – Firmes e pavimentos
Anexo nº10 – Drenaxe
Anexo nº11 – Estruturas
Anexo nº12 – Solucións ao tráfico
Anexo nº13 – Sinalización, balizamento e defensas
Anexo nº14 – Ordenación ecolóxica, estética e paisaxística
Anexo nº15 – Obras Complementarias
Anexo nº16 – Xestión de Residuos
Anexo nº17 –Seguridade e saúde
Anexo nº18 – Coordinación con outros organismos
Anexo nº19 – Expropiacións
Anexo nº20 – Servizos afectados
Anexo nº21 – Plan de obra
Anexo nº22 – Clasificación do contratista
Anexo nº23 – Xustificación de prezos
Anexo nº24 – Presuposto para coñecemento da administración
Anexo nº25 – Fórmula de revisión de prezos
Anexo nº26 – Valoración de ensaios

DOCUMENTO Nº 2.- PLANOS

Nº1 – Situación e emprazamento
Nº2 – Estado actual
Nº3 – Planta de conxunto
Nº4 – Planta xeral
Nº5 – Perfís
Nº5.1 – Transversais
Nº5.2 – Lonxitudinais
Nº6 – Seccións
Nº6.1 – Seccións tipo
Nº6.2 – Detalles
Nº7 – Planta de replanteo
Nº8 – Estruturas
Nº9 – Drenaxe
Nº9.1 – Planta de drenaxe
Nº9.2 – Perfís lonxitudinais
Nº10 – Sinalización
Nº10.1 – Planta de sinalización e defensas
Nº10.2 – Detalles de sinalización
Nº10.3 – Detalles de defensas
Nº11 – Reposición de firmes

DOCUMENTO Nº.3.- PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES.

DOCUMENTO Nº.4.- PRESUPOSTO, cos Capítulos:

- MEDICIÓNS
  Medicións xerais
- CADROS DE PREZOS
  Cadro de Prezos Nº 1
  Cadro de Prezos Nº 2
- PRESUPOSTOS PARCIAIS
- PRESUPOSTO XERAL

30. CUMPRIMENTO DO ARTIGO 123 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO

A tenor do regulado no art. 123 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo RDL 3/2011, do 4 de novembro, os proxectos deberán comprender polo menos: unha memoria, os planos de conxunto e detalles necesarios, o prego de prescricións técnicas particulares, un presuposto, un programa de desenrolo dos traballos e un estudo (básico) de seguridade e saúde formando así unha obra completa, entendéndose por tales as susceptibles de ser entregadas ó uso xeral ou o servizo correspondente, sen prexuízo das ulteriores ampliacións de que posteriormente poidan ser obxecto e comprenderán todos e cada un dos elementos que sexan a utilización da obra.

31. CUMPRIMIENTO DA LEI 8/1997 DE 29 DE AGOSTO DE "ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Y SU REGLAMENTO DE DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN" (DECRETO 35/2000, 28 XANEIRO).

Na redacción do presente proxecto deuse cumprimento á Lei 8/1997 de 20 de Agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras, da Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 35/2000 de 29 de febreiro, regulamento que desenrola dita lei, téndose en conta as normas e os criterios básicos, destinados a facilitar ás persoas con calquera limitación funcional ou sensorial a accesibilidade e utilización dos bens e servizos da colectividade, así como evitar e suprimir as barreiras e obstáculos que impidan ou dificulten o seu normal desenrolo.

32. OBRA COMPLETA

A tenor do regulado no art. 125 del RD 1098/2001 que aproba o Regulamento Xeral da LCAP, faise mención expresa de que o presente proxecto se refire a obra completa e polo tanto susceptible de ser entregada a uso xeral, sen prexuízo de ulteriores ampliacións de que poida ser obxecto e comprende todos e cada un dos elementos precisos para a utilización da obra.

33. CONCLUSIÓN

Sometese o presente Proxecto á Aprobación da Superioridade ó considerar que cumpre co encargado no seu día, á vez que coas Normas vixentes que resulten de aplicación.

Santiago de Compostela, decembro de 2016.

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos
Autor do Proxecto

A Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos
Directora do Proxecto

Asdo. Pablo Blanco Ferreiro

Asdo. María Jesús Tejada López

.

VºBº

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos

XEFE DE AREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN

Asdo. Carlos Lefler Gullón

ANEXOS Á MEMORIA

Anexo nº1 – Antecedentes

ÍNDICE

1. ANTECEDENTES TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS 3
1.1 Antecedentes técnicos 3
1.2 Antecedentes administrativos 4
2. DATOS PREVIOS 4
2.1 Concello de Santiago de Compostela 4
2.2 Rede viaria 4
2.3 Tráfico e intensidades de peóns e ciclistas 5
3. REPORTAXE FOTOGRÁFICA 6
APÉNDICE I PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS DO CONTRATO 13

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543. BARCIA – ROXOS. P.Q.1+800 – 4+150

ANEXO Nº1: ANTECEDENTES

1. ANTECEDENTES TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS

Recóllese neste punto unha breve descrición dos antecedentes técnicos e administrativos que preceden a redacción do presente proxecto de construción.

1.1 Antecedentes técnicos

Con data do 7 de maio de 2015 a Axencia Galega de Infraestruturas adxudica o contrato á consultoría ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A..

Os traballos consisten, na redacción dun Estudo de Identificación de Sendas para definir a Estratexia para o Fomento da Mobilidade Sostible na Comarca de Santiago de Compostela e concellos Limítrofes, no que se levou a cabo unha análise da situación actual da área de estudo, no que respecta á mobilidade alternativa da poboación mediante o emprego de medios alternativos aos motorizados,en especial ao uso das sendas peonís e/ou ciclistas existentes, e se propuña a realización de actuacións concretas que permitiran potenciar esa mobilidade dentro da Comarca de Santiago e Concellos Limítrofes á mesma, nos que existe continuidade da rede autonómica de estradas.

En marzo de 2016 a Xunta de Galicia aproba os documentos: “Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia” e a “Estratexia para o fomento da mobilidade sostible na Comarca de Santiago de Compostela e Concellos limítrofes:Clave AC/14/067.06”, documentos de planificación para o desenvolvemento das estratexias en materia de mobilidade alternativa a nivel local, cofinanciadas por fondos europeos FEDER 2014-2020, que define como un dos seus obxectivos temáticos específicos “Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores” (Obxectivo temático 04) e dentro do cal se encaixan os seguintes conceptos:

- Obxectivo temático: 04 – Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores.

- Prioridade de investimento: 04.05 – Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente as zonas urbanas, incluído o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de adaptación con efecto de mitigación.

- Obxectivo específico:04.05.01 – Fomento da mobilidade urbana sustentable: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras da rede viaria, transporte ciclista, peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de subministración de enerxías limpas.

- Liña de Actuación: 16 – Medidas de apoio ao desenvolvemento da mobilidade urbana e interurbana sustentable: sendas peonís e ciclistas.

- Actividade: 35 – Desenvolvemento dun plan de mobilidade urbana e interurbana sustentable: Sendas peonís.

Na mencionada "Estratexia para o fomento da mobilidade sostible na Comarca de Santiago de Compostela e Concellos limítrofes", centrado na Comarca de Santiago de Compostela e Concellos Limítrofes, relacionáronse os focos de atracción de peóns e/ou ciclistas (incluíndo focos de tipo comercial, sanitario, relixioso, deportivo, lúdico, industrial, residencial, ...) cos seus puntos de xeración correspondentes (fundamentalmente residencias), de xeito que se deduciron as rutas peonís e/ou ciclistas que os une, identificando aquelas xa existentes e finalmente realizouse unha análise comparativa da oportunidade de executar cada un dos treitos de senda

Desta análise xurde a necesidade da construción dun itinerario peonil e ciclista na estrada AC-543, mais concretamente no treito: Barcia - Roxos (P.Q. 1+800 - 4+150), obxecto do presente proxecto.

As condicións e/ou criterios básicos de deseño para a construción de sendas e/ou itinerarios peonís e ciclistas nas estradas de titularidade autonómica son fixadas polos servizos técnicos da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia a través da Orde Circular 4/16 pola que se actualizan os criterios para o deseño das actuacións contempladas na estratexia en materia de mobilidade alternativa e Galicia establecidos pola Orde Circular 3/2016, editada con data do 20 de xuño de 2016, e na que se contemplan os criterios básicos de deseño para a construción das devanditas sendas, de xeito que permitan circular en condicións de seguridade a peóns e, no seu caso, ciclistas nos deportivos.

1.2 Antecedentes administrativos

Con data 16 de decembro de 2014 a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou o expediente de contratación en relación ao procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada para a adxudicación do: Contrato de servizo de planificación de actuación de fomento da mobilidade sostible: Sendas peonís e/ou ciclistas na comarca de Santiago e redacción dos proxectos de construción derivados dela, e clave AC/14/067.06.

Unha vez analizada a documentación administrativa achegada polos licitadores, con data do 7 de maio de 2015 a Axencia Galega de Infraestruturas adxudica o contrato á consultoría ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A..

Finalmente, o 26 de maio de 2015 formalízase o contrato entre as partes (Axencia Galega de Infraestruturas e a consultoría ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.), comezando a contar dende o día seguinte o prazo de execución determinado e comprometéndose a empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., á execución do traballo con estrita suxeición ao Prego de Prescricións Técnicas aprobado, ao carecer de Orde de Estudo, e a aceptación do Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o contrato.

2. DATOS PREVIOS

As actuacións desenrolaranse nun treito da estrada AC-543, que une as localidades de Santiago de Compostela e Noia. O treito de actuación céntrase entre os P.Q. 1+800 ao 4+150, localizado no Concello de Santiago de Compostela, concretamente na parroquia de Villestro (Concello de Santiago).

2.1 Concello de Santiago de Compostela

A cidade de Santiago está situada a 65 km ao sur da cidade de A Coruña e a 62 km ao norte de Pontevedra. Aséntase entre o monte Pedroso e o monte Viso, circundada polos regatos Sar e Sarela. É a capital de da Comunidade Autónoma de Galicia.

A extensión do termo municipal é, coma xa vimos na táboa anterior, de 220 km^2 e a súa poboación de 95.800 habitantes (INE 2014), sendo a súa densidade de poboación elevada, de 435,45 hab/km^2 debido a que a maioría se concentra no núcleo urbano.

Ademais da cidade de Santiago, o termo municipal comprende vintenove parroquias rurais: Aríns, Bando, Barciela, Busto, Carballal, O Castiñeiriño, César, Conxo, Eixo, Enfesta, Fecha, Figueiras, Grixoa, Laraño, Marantes, Marrozos, Nemenzo, A Peregrina, Sabugueira, Santiago (San Caetano), Santiago (San Fructuoso de Afora), Santiago (San Lázaro), Santiago (San Pedro de Afora), Santiago (San Xoán de Afora), Sar, Verdía, Vidán e Villestro.



Parroquias do Concello de Santiago de Compostela

O clima de Compostela é temperado e chuvioso coma o da maior parte da Galicia occidental, pero con trazos propios debidos á súa separación da costa, á altitude e á configuración do relevo. A diferenza explícase pola distancia da costa, pola altitude e polo illamento do mar orixinado por macizos montañosos como o da serra de Barbanza.

O relevo constitúe un chanzo intermedio entre os macizos montañosos da Galicia oriental, que forman a dorsal galega, onde nacen os ríos Tambre e Ulla, e os bloques costeiros dos que está separado pola foxa Padrón-Tui, no denominado escalón de Santiago. É terra de abondosas choivas, cunha media de 1.500 mm. Anuais, delimitada ao norte e sur por áreas cunha infiltración media anual de 700 a 900 mm. As temperaturas medias oscilan arredor dos 12 graos e danse as máximas en xullo e en agosto.

2.2 Rede viaria

Pódese dicir por tanto que a zona se inclúe dentro da **Zona húmida de bosques densos.**

ÍNDICE DE MARTONNE

A súa expresión é:

$$I_M = \frac{\Pr ecipitaciones}{Temperatura\ \ media\ \ anual\ +\ 10^{\circ}C}$$

Sendo:

- $0<I_M<5$: Desertos
- $5< I_M<10$: Semidesertos
- $10< I_M<20$: Etapas e países secos mediterráneos
- $20< I_M<30$: Rexión da oliveira e dos cereais
- $30< I_M<40$: Rexión subhúmida, prados e bosques
- $I_M>40$: Zona hiperhúmida de prados e tundras.

Para o noso caso concreto temos:

Temperatura media anual (ºC):	14,0
Precipitación media anual (mm):	1721
Índice de MARTONNE	71,71

Polo tanto a zona obxecto do proxecto inclúese dentro da **Zona hiperhúmida de prados e tundras.**

3. HIDROLOXÍA

3.1 Cálculo das máximas precipitacións diarias para distintos períodos de retorno.

3.1.1. Introdución

Os fenómenos hidrolóxicos son función de moitos axentes físicos actuando conxuntamente sobre todo o relacionado coa meteoroloxía, por elo se dan as características idóneas para considerar estes fenómenos como aleatorios, é dicir, rexidos polas leis do azar, polo que se debe aplicar a metodoloxía estatística.

Dende o momento en que se aplica a estatística á hidroloxía pasa a segundo plano o problema de coñecelas leis que rexen os fenómenops hidrolóxicos, estudando só os datos numéricos ou estatísticos destes fenómenos.

O estudo estatístico dos datos hidrolóxicos ten dous niveis. Un primeiro nivel é o coñecemento do fenómeno, distribucións, medias, desviación típica, etc. Un segundo nivel é a inferencia estatística, é dicir, o análise da natureza da mostra que permite coñecer os datos esenciais da mostra eliminando a variabilidade necesariamente mostral.

A partir desta segunda fase pódese inferir sucesos do futuro partindo dos datos coñecidos. Isto último é o máis importante xa que permitirá coñecer os posibles sucesos do futuro.

O método seguido para a determinación dos caudais puntas recibidos, foi o “Cálculo hidrometeorolóxico de Caudais Máximos en Pequenas Cuncas Naturais”, do Servizo de Xeotecnia da Dirección Xeral de Estradas (MOPU-Maio 1987), baseado nos métodos racional, Californiano e Cook, ambos norteamericanos e cuxos resultados contrastados coas medias experimentais o fan moi axeitado para cuncas de ata 75 km^2 de superficie.

3.1.2. Períodos de retorno

Os períodos de retorno considerados para o cálculo son: drenaxe transversal, período de retorno de 500 anos e elementos de drenaxe superficial para 25 anos.

3.1.3. Datos de choiva

Cos datos dos rexistros de precipitacións de cada unha das estacións calcúlanse as precipitacións máximas anuais en 24 h para diferentes períodos de retorno, considerándose neste caso os correspondentes a 2, 10, 25, 50, 100 e 500 anos.

Os cálculos das precipitacións realizáranse por modelos estatísticos para cada unha das estacións, contrastándose os valores obtidos cos calculados da publicación "Máximas lluvias diarias en al España peninsular", editado polo Ministerio de Fomento.

3.1.3.1 Cálculos por medios estatísticos

O axuste das series de precipitacións máximas seleccionadas realízase para diferentes períodos de retorno aplicando dúas distribucións estatísticas, axustadas ambas polo método de máxima verosimilitude:

- Distribución de Gumbel.
- Distribución SQRT – ET max.

Lei de Gumbel

As fórmulas xeradas para o cálculo de frecuencias son:

$$X'_T = \overline{X} + \frac{Y_T - \overline{Y}_N}{S_N} \cdot S_X$$

X'_T = Precipitación para un período de retorno de T anos.

$\overline{X}$ = Media dos valores máximos anuais

S_X = Desviación típica dos máximos anuais.

n = Número de valores extremos da serie.

Y_T = Variable reducida para un período de retorno de T anos.

Y_n = Media da variable reducida para unha serie de n anos.

S_N = Desviación típica da variable reducida.

Ley SQRT-ETmáx

Esta distribución responde á expresión:

$$F(x) = \mathrm{Prob}(X < x) = e^{-\kappa\left(1+\sqrt{\alpha x}\right)e^{-\sqrt{\alpha x}}}$$

Onde α (parámetro de escala) e κ (parámetro de frecuencia) definen a lei e deben ser axustados aos datos existenciais. Esta lei aplicada a máximas choivas diarias pode ser deducida teoricamente baixo certas hipóteses:

- A duración e a intensidade máxima dun episodio tormentoso son fenómenos independentes.
- Unha distribúese de forma exponencial e a outra segue unha lei Gamma.
- A cantidade total é proporcional ao produto das súas distribucións.
- A ocorrencia de grandes chuvascos segue a distribución de Poisson.

Inclúense a continuación os caudais obtidos polos diferentes métodos descritos.

➢ **DATOS DE PARTIDA** (www.meteogalicia.es)

Ano	EOAS-SANTIAGO	Nº	Ano	SAN LAZARO - SANTIAGO	Nº
2005	66,8	1	2005	-	1
2006	64,8	2	2006	-	2
2007	39,6	3	2007	-	3
2008	39,8	4	2008	-	4
2009	75,9	5	2009	100,6	5
2010	67,2	6	2010	82,14	6
2011	52,4	7	2011	64,7	7
2012	64,8	8	2012	90	8
2013	106,8	9	2013	107	9
2014	57,8	10	2014	51,6	10
2015	51,4	11	2015	48,6	11
2016	72	12	2016	55,2	12
PROMEDIO	**63,28**		**PROMEDIO**	**74,98**	
DESVIACIÓN	**17,23**		**DESVIACIÓN**	**21,50**	

EOAS – SANTIAGO

T(anos)	Pmáx 24 horas (mm)	
	GUMBEL	SQRT-ETmáx
2	60,9	60,0
10	94,5	84,8
25	111,3	98,9
50	123,9	110,0
100	136,3	121,6
500	165,0	150,5

SAN LAZARO – SANTIAGO

T(anos)	Pmáx 24 horas (mm)	
	GUMBEL	SQRT-ETmáx
2	71,9	70,0
10	111,2	101,8
25	131,0	119,5
50	145,6	133,6
100	160,2	148,2
500	193,9	184,7

3.1.4. Cálculos coa publicación "Máximas Lluvias de la España Peninsular"

Para o contraste dos datos obtidos das precipitacións cos métodos estatísticos descritos no apartado anterior, inclúese o cálculo das mesmas mediante a publicación "Máximas lluvias diarias en la España Peninsular", editada polo Ministerio de Fomento.

Esta publicación recolle os resultados do axuste estatístico das series de precipitacións máximias recollidas nos pluviógrafos e pluviómetros do territorio peninsular. Este método emprega unha modelaxe estatística das series anuais de máximas choivas diarias realizando unha estimación rexional de parámetros e cuantiles. Para a estimación destes cuantiles emprégase a función de densidade SQRT-ET-max, axustada polo método de máxima.

$$F(x) = P(X \leq x) = e^{[-K(1+\sqrt{Bx})e^{(-\sqrt{Kx})}]}$$

A aplicación práctica da publicación tradúcese na obtención de Pm (Precipitación media) e Cv (Coeficiente de variación) en calquera dos puntos do territorio peninsular, que xunto ao período de retorno, dan como resultado a precipitación desexada. A obtención de Pm e Cv pode realizarse de dous xeitos:

- Consultando o mapa de isoliñas (Pm e Cv) contido na publicación, do cal se achega a zona obxecto del presente estudo.

- Empregando o software, tamén, contido na publicación, denominado MAXPLUWIN.

Para o presente anexo empregouse o software antes referido. Tomáronse, para cada unha das estacións, as coordenadas xeográficas e obtívose o correspondente Cv e a precipitación media Pm. Finalmente como resultados conseguíronse as precipitación máximas diarias en 24 h para os distintos períodos de retorno de recorrencia, que se mostran na táboa que se axunta a continuación:

Con esta metodoloxía determináronse os valores de Pd para as cuncas, obténdose (HUSO 29/ED50) os seguintes valores de Pd:

Coordenadas U.T.M.	T	Pd
X= 531.509 Y= 4.747.322	2	65
	10	101
	25	122
	50	138
	100	156
	500	200

3.1.5. Precipitacións de cálculo

En base a información dispoñible nas estacións metereolóxicas da zona e os resultados obtidos, optouse por empregar os da aplicación MAXPLUWIN por ser estes superiores aos obtidos en calquera das dúas estacións estudadas, de xeito que nos quedamos de lado da seguridade.

T	2 anos	10 anos	25 anos	50 anos	100 anos	500 anos
EOAS	60,9	94,5	111,3	123,9	136,3	165,0
COSTAS	71,9	111,2	131,0	145,6	160,2	193,9
MAXPLUWIN	**65**	**101**	**122**	**138**	**156**	**200**

3.2 Cálculo de caudais. Método hidrometeorolóxico

Para o cálculo de caudais de refrencia téñense en conta as directrices da Instrución "5.2.-IC Drenaje Superficial" (Orden FOM/298/2016, de 15 de febreiro).

O método proposto basease en aplicar a intensidade media da precipitación á superficie da cunca, considerando a súa escorrentía. A precisión deste método diminúe conforme aumenta a superficie da cunca, sendo o tempo de concentración de 6 horas o que serve para delimitar as cuncas grandes das pequenas.

O caudal a desaugar polas obras proxectadas é:

$$Q_T = \frac{I \cdot C \cdot A \cdot K_t}{3{,}6}$$

- Q_T (m^3/s) Caudal máximo anual correspondente ao período de retorno T, no punto de desaugue da cunca

- I (T,t) (mm/h) Intensidade de precipitación correspondente ao período de retorno considerado T, para unha duración do chuvieiro igual ao tempo de concentración tc da cunca.

- C (adimensional) Coeficiente medio de escorrentía da cunca ou superficie considerada.

- A (km^2) Área da cunca ou superficie considerada

- Kt (adimensional) Coeficiente de uniformidade na distribución temporal da precipitación

3.2.1. Intensidade de precipitación

A intensidade de precipitación I (T, t) correspondente a un período de retorno T, e a unha duración do chuvieiro t, a empregar na estimación de caudais polo método racional, obterase por medio da seguinte fórmula:

$$I(t) = I_d \cdot F_{\text{int}}$$

Onde:

- I (T, t) (mm/h) Intensidade de precipitación correspondente a un período de retorno T e a unha duración do chuvieiro t.

- Id (mm/h) Intensidade media diaria de precipitación corrixida correspondente ao período de retorno T.

- F_{int} (adimensional) Factor de intensidade.

A intensidade de precipitación a considerar no cálculo do caudal máximo anual para o período de retorno T, no punto de desaugue da cunca Q_T, é a que corresponden a unha duración do chuvieiro igual ao tempo e concentración (t = tc) de dita cunca.

3.2.1.1 Intensidade media diaria de precipitación corrixida

A intensidade media diaria de precipitación corrixida correspondente ao período de retorno T, obtéñense mediante a fórmula:

$$I_d = \frac{P_d \cdot K_A}{24}$$

Onde:

- Id (mm/h) Intensidade media diaria de precipitación corrixida correspondente ao período de retorno T
- Pd (mm) Precipitación diaria correspondente ao período de retorno T
- K_A (adimensional) Factor redutor da precipitación por área da cunca.

Para a determinación da precipitación diaria correspondente ao período de retorno T, Pd, débese adoptar o maior valor dos obtidos a partir de:

- Datos publicados pola Dirección Xeral de Estradas.
- Estudo estatístico das series de precipitacións diarias máximas anuais, medidas nos pluviómetros existentes na cunca, ou próximos a ela. Débese axustar a serie de precipitacións máximas rexistradas en cada pluviómetro, a función de distribución extremal máis apropiada ós datos da zona, considerando polo menos Gumbel e SQRT ET-max.

Aos efectos da norma, para a aplicación do método racional tómase como precipitación diaria Pd, a correspondente ao valor medio na superficie da cunca (media areal), que se obtén mediante a interpolación espacial dos valores obtidos en cada un dos pluviómetros considerados.

3.2.1.2 Factor redutor da precipitación por área de la cunca

O factor redutor da precipitación por área da cunca K_A, ten en conta a non simultaneidade da chovia en toda a súa superficie. Obtense a partir da seguinte fórmula:

Se A < 1 Km² $K_A = 1$

Se A ≥ 1 Km² $K_A = 1 - \frac{\log_{10} A}{15}$

Onde:

- K_A (adimensional) Factor redutor da precipitación por área da cunca
- A (km^2) Área da cunca.

3.2.1.3 Factor de intensidade F_{int}

O factor de intensidade introduce a torrencialidade da choiva na área de estudo e depende de:

- A duración do chuvieiro t
- O período de retorno T, si se dispón de curvas intensidade - duración - frecuencia (IDF) aceptadas pola Dirección Xeral de Estradas, nun pluviógrafo situado no entorno da zona de estudo que poida considerarse representativo do seu comportamento.

Tomarase o maior valor dos obtido de entre os que se indican a ocntinuación:

$$F_{int} = máx\ (F_a, F_b)$$

Onde:

- F_{int} (adimensional) Factor de intensidade
- F_a (adimensional) Factor obtido a partir do índice de torrencialidade (I1/Id)
- F_b (adimensional) Factor obtido a partir das curvas IDF dun pluviógrafo próximo.

a) Obtención de Fa

$$F_a = \left(\frac{I_1}{I_d} \right)^{3,5287 - 2,5287\, t^{0,1}}$$

Onde:

- Fa (adimensional) Factor obtido a partir do índice de torrencialidade (I1/Id). Represéntase na figura seguinte:



- I1/Id (adimensional) Índice de torrencialidade que expresa a relación entre a intensidade de precipitación horaria e a media diaria corrixida. O seu valor determínase en función da zona xeográfica, a partir do mapa da figura seguinte:



- t (horas) Duración del chuviero.

b) Obtención de F_b

$$F_b = k_b \frac{I_{IDF}(T,t_c)}{I_{IDF}(T,24)}$$

Onde:

- Fb (adimensional) Factor obtido a partir das curvas IDF dun pluviógrafo próximo..
- I_{IDF} (T,tc) (mm/h) Intensidade de precipitación correspondente ao período de retorno T e ao tempo de concentración tc, obtido a través das curvas IDF del pluviógrafo.
- I_{IDF} (T,24) (mm/h) Intensidade de precipitación correspondente ao período de retorno T e a un tempo de chuvieiro igual a vinte e catro horas (t = 24 h), obtido a través de curvas IDF.
- K_b (adimensional) Factor que ten en conta a relación entre a intensidade máxima anual nun período de vinte e catro horas e a intensidade máxima anual diaria. En defecto dun cálculo específico pódese tomar K_b = 1,13



Curvas IDF (obtención do factor F_b)

3.2-1.3.1. Cálculo de Curvas IDF (Estación Santiago)

As curvas de Intensidade-Duración-Frecuencia (IDF) constrúense por medios de puntos representativos da intensidade media de precipitación para diferentes duracións correspondentes todos eles a unha mesma frecuencia ou período de retorno (Témez 1978).

Mediante las curvas IDF é posible estimar a intensidade de tormentas intensas de distintas duracións e para diferentes períodos de retorno.

A metodoloxía tradicional usada para o cálculo das curvas IDF consiste básicamente en realizar unha análise de frecuencia a cada unha das series de valores máximos de precipitación obtidas para cada duración.

A serie a cal se lle realiza a análise de frecuencias pode ser seleccionada de tres formas, a saber:

1º. Series máximas anuais, é aquela serie que está conformada por cada un dos valores máximos de precipitación observados en cada un dos anos de rexistro.

2º. Serie de duracións parciais, na cal a serie de datos está conformada por aqueles datos que sobrepasan un valor base predefinido.

3º. Serie de excedencias anuais, na cal o valor base, da serie anterior, é seleccionado de tal forma que o número de datos que conforman a serie sexa igual ao número de anos de rexistros.

No noso caso, os datos dos que se dispón corresponden co apartado 1º.

Nº	ANO	CHOIVA (MM)	PER. RETORNO	% PROBABILIDADE	*F(x)*	
1	2013	106,80	45,89	2,1791	0,97821	0,02179
2	2009	75,90	5,07	19,7098	0,80290	0,19710
3	2016	72,00	3,93	25,4294	0,74571	0,25429
4	2010	67,20	2,92	34,2534	0,65747	0,34253
5	2005	66,80	2,85	35,0810	0,64919	0,35081
6	2006	64,80	2,54	39,4285	0,60572	0,39428
7	2012	64,80	2,54	39,4285	0,60572	0,39428

Nº	ANO	CHOIVA (MM)	PER. RETORNO	% PROBABILIDADE	*F(x)*	
8	2014	57,80	1,75	56,9992	0,43001	0,56999
9	2011	52,40	1,40	71,6699	0,28330	0,71670
10	2015	51,40	1,35	74,2995	0,25701	0,74299
11	2008	39,80	1,04	96,0065	0,03994	0,96006
12	2007	39,60	1,04	96,1947	0,03805	0,96195

		2-A	5-A	10-A	25-A	50-A	100-A	500-A
10'	1/6H TOTAL	6,52	8,61	10,07	10,70	11,73	12,75	15,10
	mm./hora	39,10	51,67	60,44	64,20	70,37	76,48	90,62
20'	1/3H TOTAL	8,90	11,76	13,76	14,62	16,02	17,41	20,63
	mm./hora	26,71	35,29	41,28	43,85	48,06	52,24	61,89
30'	1/2H TOTAL	10,69	14,12	16,52	17,54	19,23	20,90	24,76
	mm./hora	21,37	28,24	33,03	35,09	38,45	41,80	49,52
60'	1H TOTAL	15,00	19,82	23,18	24,63	26,99	29,34	34,76
	mm./hora	15,00	19,82	23,18	24,63	26,99	29,34	34,76
120'	2H TOTAL	19,94	26,35	30,82	32,74	35,88	39,00	46,21
	mm./hora	9,97	13,17	15,41	16,37	17,94	19,50	23,10
360'	6H TOTAL	32,69	43,20	50,53	53,67	58,82	63,94	75,75
	mm./hora	5,45	7,20	8,42	8,95	9,80	10,66	12,63
720'	12H TOTAL	44,66	59,01	69,02	73,32	80,36	87,34	103,48
	mm./hora	3,72	4,92	5,75	6,11	6,70	7,28	8,62
1440'	24H TOTAL	60,00	79,28	92,74	98,51	107,97	117,35	139,04
	mm./hora	2,50	3,30	3,86	4,10	4,50	4,89	5,79
	I1/Id (dep. Tc.)	6,00	6,00	6,00	6,00	6,00	6,00	6,00
	Pd	60,00	79,28	92,74	98,51	107,97	117,35	139,04
	Id	2,50	3,30	3,86	4,10	4,50	4,89	5,79

It = 9.25 x In x t^-0.55

	2 A.	5 A.	10 A.	25 A.	50 A.	100 A.	500 A.
In =	15,00	19,82	23,18	24,63	26,99	29,34	34,76

It

t. (min)	Período de retorno						
	T=2 anos	T=5 anos	T=10 anos	T=25 anos	T=50 anos	T=100 anos	T=500 anos
5,40	54,88	72,52	84,82	90,10	98,75	107,34	127,17
10,00	39,10	51,67	60,44	64,20	70,37	76,48	90,62
20,00	26,71	35,29	41,28	43,85	48,06	52,24	61,89
30,00	21,37	28,24	33,03	35,09	38,45	41,80	49,52
60,00	14,60	19,29	22,56	23,97	26,27	28,55	33,82
120,00	9,97	13,17	15,41	16,37	17,94	19,50	23,10
148,80	8,86	11,70	13,69	14,54	15,94	17,32	20,52
360,00	5,45	7,20	8,42	8,95	9,80	10,66	12,63
720,00	3,72	4,92	5,75	6,11	6,70	7,28	8,62
1440,00	2,54	3,36	3,93	4,17	4,57	4,97	5,89



3.2.1.4 Tempo de concentración

Tempo de concentración t_c, é o tempo mínimo necesario dende o comezo do chuvieiro para que toda a superficie da cunca estea aportando escorrentía no punto de desaugue. Obtense calculando o tempo de percorrido máis longo dende calquera punto da cunca ata o punto de desaugue, mediante as seguintes formulacións:

Para cuncas principais:

$$t_c = 0{,}3 \cdot L_c^{\,0{,}76} \cdot J_c^{\,-0{,}19}$$

Onde:

- tc (horas) Tempo de concentración
- Lc (km) Lonxitude da canle
- Jc (adimensional) Pendente media da canle

Dado que o tempo de concentración depende da lonxitude e pendente da canle escollida, deben tentearse diferentes canles ou percorridos da auga, incluíndo sempre nos tenteos os de maior lonxitude e menos pendente. A canle (ou percorrido) que debe escollerse é aquel que da lugar a un valor maior de tempo de concentración t_c. En aquelas cuncas principais de pequeno tamaño nas que o tempo de percorrido en fluxo difuso sobre o terreo sexa apreciable respecto ao tempo de recorrido total non será de aplicación a fórmula anterior, debendo aplicarse as indicacións que se proporcionan a continuación para cuncas secundarias. Considérase que se produce esta circunstancia cando o tempo de concentración calculado mediante a fórmula anterior sexa inferior a cero coma vinte e cinco horas ($tc \leq 0{,}25h$).

Para cuncas secundarias, o tempo de concentración débese determinar dividindo o recorrido da escorrentía en treitos de características homoxéneas inferiores a trescentos metros de lonxitude (300 m) e sumando os tempos parciais obtidos, distinguindo entre:

- Fluxo canalizado a través de cunetas ou outros elementos de drenaxe: pódese considerar réxime uniforme e aplicar a ecuación de Manning
- Fluxo difuso sobre o terreo:

$$t_{dif} = 2 \cdot L_{dif}^{\,0{,}408} \cdot n_{dif}^{\,0{,}312} \cdot J_{dif}^{\,-0{,}209}$$

Onde:

- t_{dif} (minutos) Tempo de recorrido en fluxo difuso sobre o terreo.
- n_{dif} (adimensional) Coeficiente de fluxo difuso.
- L_{dif} (m) Lonxitude de recorrido en fluxo difuso
- J_{dif} (adimensional) Pendente media

TABLA – VALORES DE n_{dif}

Cobertura do terreo		n_{dif}
Pavimentado ou revestido		0,015
Non pavimentado nin revestido	Sen vexetación	0,050
	Con vexetación escasa	0,120
	Con vexetación media	0,320
	Con vexetación densa	1,000

O valor do tempo de concentración t_c, a considerar obtense da táboa seguinte:

DETERMINACIÓN DE t_c EN CONDICIÓNS DE FLUXO DIFUSO

t_{dif} (minutos)	t_c (minutos)
≤ 5	5
5 ≤ t_{dif} ≤ 40	t_{dif}
≥ 40	40

3.2.2. Coeficiente de escorrentía

3.2.2.1 Fórmula de cálculo

O coeficiente de escorrentía C, define a parte da precipitación de intensidade I (T, tc) que xera o caudal de avenida no punto de desaugue da cunca.

O coeficiente de escorrentía C, obterase mediante a seguinte fórmula, representada gráficamente na seguinte figura:



$$\text{Si } P_d \cdot K_A > P_0 \longrightarrow C = \frac{\left(\frac{P_d \cdot K_A}{P_0} - 1\right)\left(\frac{P_d \cdot K_A}{P_0} + 23\right)}{\left(\frac{P_d \cdot K_A}{P_0} + 11\right)^2}$$

$$\text{Si } P_d \cdot K_A \leq P_0 \longrightarrow C = 0$$

Onde:

- C (adimensional) Coeficiente de escorrentía
- P_d (mm) Precipitación diaria correspondente ao período de retorno T considerado.
- K_A (adimensional) Factor redutor da precipitación por área da cunca.
- P_0 (mm) Limiar de escorrentía.

3.2.2.2 Limiar de escorrentía

O limiar de escorrentía P_0, representa a precipitación mínima que debe caer sobre a cunca para que se incicie a xeración de escorrentía. Determinárase mediante a seguinte fórmula:

$$P_0 = P_0^i \cdot \beta$$

Onde:

- P_0 (mm) Limiar de escorrentía
- P_0^i (mm) Valor inicial do limiar de escorrentía.
- b (adimensional) Coeficiente corrector do limiar de escorrentía

3.2.2.3 Valor inicial do limiar de escorrentía

El valor inicial do limiar de escorrentía P_0^i, determinárase como se refire a continuación, a partir de:

- Series de datos ou mapas publicados pola Dirección Xeral de Estradas, nos que se obteña directamente o valor de P_0^i para unha determinada localización xeográfica. Normalmente, dito valor en cada punto obterase como promedio na cunca vertente ao punto de cálculo dunha determinada discretización espacial levada a cabo sobre o territorio.
- Táboa 2.3 da norma, nas seguintes circunstancias:
  - Cando a información referida no parágrafo precedente non se atope dispoñible.
  - Cando o tamaño da cunca sexa similar (ou inferior) ao tamaño da discretización espacial efectuada.
  - En problemas específicos de escorrentía urbana.
  - Para a definición do drenaxe de plataforma e marxes
  - Cando se teña constancia de cambios de uso do solo con posterioridade á elaboración das series de datos ou mapas a que se fai referencia no parágrafo anterior.
  - Para a realización de cálculos en que se supoñan modificacións dos usos do solo, respecto ao reflectido nas mencionadas series de datos ou mapas.

A determinación dos grupos hidolóxicos de solo presentes nas cunca débese realizar a partir do mapa seguinte:

La determinación de los grupos hidrológicos de suelo presentes en la cuenca se debe realizar a partir del mapa seguinte:



MAPA DE GRUPOS HIDROLÓXICOS DE SOLO

Cando se dispoña de información máis detallada, no proxecto pódese xustificar o cambio do grupo hidrolóxico de solo nalgunha cunca concreta, segundo os criterios das táboas seguintes:

Grupo	Infiltración (cuando están muy húmedos)	Potencia	Textura	Drenaje
A	Rápida	Grande	Arenosa Areno-limosa	Perfecto
B	Moderada	Media a grande	Franco-arenosa Franca Franco-arcillosa-arenosa Franco-limosa	Bueno a moderado
C	Lenta	Media a pequeña	Franco-arcillosa Franco-arcillo-limosa Arcillo-arenosa	Imperfecto
D	Muy lenta	Pequeño (litosuelo) u horizontes de arcilla	Arcillosa	Pobre o muy pobre

Nota: Los terrenos con nivel freático alto se incluirán en el Grupo D.

GRUPOS HIDROLÓXICOS DE SOLO A EFECTOS DA DETERMINACIÓN DO VALOR INICIAL DO LIMIAR DE ESCORRENTÍA



DIAGRAMA TRIANGULAR PARA DETERMINACIÓN DA TEXTURA EN MATERIAIS TIPO SOLO

Cando se considere oportuno, pódense diferenciar as proporcións dos distintos tipos e usos do solo existentes na cunca, atribuíndo a cada un o valor correspondente de P_O que se indica na táboa seguinte:

VALOR INICIAL DO LIMIAR DE ESCORRENTÍA Po^i (mm)

Código	Uso de solo	Práctica de cultivo	Pendente (%)	Grupo de solo			
				A	B	C	D
11100	Tecido urbano continuo			1	1	1	1
11200	Tecido urbano descontinuo			24	14	8	6
11200	Urbanizacións			24	14	8	6
11210	Estrutura urbana aberta			24	14	8	6
11220	Urbanizacións exentas e/ou axardinadas			24	14	8	6
12100	Zonas industriais e comerciais			6	4	3	3
12100	Granxas agrícolas			24	14	8	6
12110	Zonas industriais			12	7	5	4
12120	Grandes superficies de equipamento e servizos			6	4	3	3
12200	Redes viarias, ferroviarias e terreos asociados			1	1	1	1
12210	Autopistas, autovías e terreos asociados			1	1	1	1
12220	Complexos ferroviarios			12	7	5	4
12300	Zonas portuarias			1	1	1	1
12400	Aeroportos			24	14	8	6
13100	Zonas de extracción mineira			16	9	6	5
13200	Vertedoiros			20	11	8	6
13300	Zonas de construción			24	14	8	6
14100	Zonas verdes urbanas			53	23	14	10
14200	Instalacións deportivas e recreativas			79	32	18	13
14210	Campos de golf			79	32	18	13
14220	Resto de instalacións deportivas e recreativas			53	23	14	10
21100	Terras de labor en secaño (cereais)	R	≥ 3	29	17	10	8
21100	Terras de labor en secaño (cereais)	N	≥ 3	32	19	12	10
21100	Terras de labor en secaño (cereais)	R/N	< 3	34	21	14	12
21100	Terras de labor en secaño (viveiros)			0	0	0	0
21100	Terras de labor en secaño (hortalizas)	R	≥ 3	23	13	8	6
21100	Terras de labor en secaño (hortalizas)	N	≥ 3	25	16	11	8
21100	Terras de labor en secaño (hortalizas)	R/N	< 3	29	19	14	11
21100	Terras abandonadas		≥ 3	16	10	7	5
21100	Terras abandonadas		< 3	20	14	11	8
21200	Terreos regados permanentemente	R	≥ 3	37	20	12	9
21200	Terreos regados permanentemente	N	≥ 3	42	23	14	11
21200	Terreos regados permanentemente	R/N	< 3	47	25	16	13
21210	Cultivos herbáceos en regadío	R	≥ 3	37	20	12	9
21210	Cultivos herbáceos en regadío	N	≥ 3	42	23	14	11
21210	Cultivos herbáceos en regadío	R/N	< 3	47	25	16	13
21220	Outras zonas de irrigación			0	0	0	0
21300	Arrozais			47	25	16	13
22100	Viñedos		≥ 3	62	28	15	10
22100	Viñedos		< 3	75	34	19	14
22110	Viñedos en secaño		≥ 3	62	28	15	10
22110	Viñedos en secaño		< 3	75	34	19	14
22120	Viñedos en regadío		≥ 3	62	28	15	10
22120	Viñedos en regadío		< 3	75	34	19	14
22200	Froiteiros e plantacións de bayas		≥ 3	80	34	19	14
22200	Froiteiros e plantacións de bayas		< 3	95	42	22	15
22210	Froiteiros en secaño		≥ 3	62	28	15	10
22210	Froiteiros en secaño		< 3	75	34	19	14
22220	Froiteiros en regadío		≥ 3	80	34	19	14
22220	Froiteiros en regadío		< 3	95	42	22	15
22221	Cítricos		≥ 3	80	34	19	14
22221	Cítricos		< 3	95	42	22	15
22222	Froiteiros tropicais		≥ 3	80	34	19	14
22222	Froiteiros tropicais		< 3	95	42	22	15
22223	Outros froiteiros en regadío		≥ 3	80	34	19	14
22223	Outros froiteiros en regadío		< 3	95	42	22	15
22300	Oliveirais		≥ 3	62	28	15	10
22300	Oliveirais		< 3	75	34	19	14
22310	Oliveirais en secaño		≥ 3	62	28	15	10
22310	Oliveirais en secaño		< 3	75	34	19	14
22320	Oliveirais en regadío		≥ 3	62	28	15	10
22320	Oliveirais en regadío		< 3	75	34	19	14
23100	Prados e praderías		≥ 3	70	33	18	13
23100	Prados e praderías		< 3	120	55	22	14
23100	Pastos en terras abandonadas		≥ 3	24	14	8	6
23100	Pastos en terras abandonadas		< 3	58	25	12	7
23100	Prados arborados		≥ 3	70	33	18	13
23100	Prados arborados		< 3	120	55	22	14
24110	Cultivos anuais asociados con cultivos permanentes en secaño		≥ 3	39	20	12	8
24110	Cultivos anuais asociados con cultivos permanentes en secaño		< 3	66	29	15	10
24120	Cultivos anuais asociados con cultivos permanentes en regadío		≥ 3	75	33	18	14
24120	Cultivos anuais asociados con cultivos permanentes en regadío		< 3	106	48	22	15
24211	Mosaico de cultivos anuais con prados o praderías en secaño	R	≥ 3	26	15	9	6
24211	Mosaico de cultivos anuais con prados o praderías en secaño	N	≥ 3	28	17	11	8
24211	Mosaico de cultivos anuais con prados o praderías en secaño	R/N	< 3	30	19	13	10
24212	Mosaico de cultivos permanentes en secaño		≥ 3	62	28	15	10
24212	Mosaico de cultivos permanentes en secaño		< 3	75	34	19	14
24213	Mosaico de cultivos anuais con cultivos permanentes en secaño		≥ 3	39	20	12	8
24213	Mosaico de cultivos anuais con cultivos permanentes en secaño		< 3	66	29	15	10
24221	Mosaico de cultivos anuais con prados o praderías en regadío	R	≥ 3	37	20	12	9

Código	Uso de solo	Práctica de cultivo	Pendente (%)	Grupo de solo			
				A	B	C	D
24221	Mosaico de cultivos anuais con prados o praderías en regadío	N	≥ 3	42	23	14	11
24221	Mosaico de cultivos anuais con prados o praderías en regadío	R/N	< 3	47	25	16	13
24222	Mosaico de cultivos permanentes en regadío		≥ 3	80	34	19	14
24222	Mosaico de cultivos permanentes en regadío		< 3	95	42	22	15
24223	Mosaico de cultivos anuais con cultivos permanentes en regadío		≥ 3	75	33	18	14
24223	Mosaico de cultivos anuais con cultivos permanentes en regadío		< 3	106	48	22	15
24230	Mosaico de cultivos mixtos en secaño e regadío	R	≥ 3	31	17	10	8
24230	Mosaico de cultivos mixtos en secaño e regadío	N	≥ 3	34	20	13	10
24230	Mosaico de cultivos mixtos en secaño e regadío	R/N	< 3	37	22	14	11
24310	Mosaico de cultivos agrícolas en secaño con espazos significativos de vexetación natural e seminatural	R	≥ 3	26	15	9	6
24310	Mosaico de cultivos agrícolas en secaño con espazos significativos de vexetación natural e seminatural	N	≥ 3	28	17	11	8
24310	Mosaico de cultivos agrícolas en secaño con espazos significativos de vexetación natural e seminatural	R/N	< 3	30	19	13	10
24320	Mosaico de cultivos agrícolas en regadío con espazos significativos de vexetación natural e seminatural	R	≥ 3	37	20	12	9
24320	Mosaico de cultivos agrícolas en regadío con espazos significativos de vexetación natural e seminatural	N	≥ 3	42	23	14	11
24320	Mosaico de cultivos agrícolas en regadío con espazos significativos de vexetación natural e seminatural	R/N	< 3	47	25	16	13
24330	Mosaico de prados ou praderías con espazos significativos de vexetación natural e seminatural		≥ 3	70	33	18	13
24330	Mosaico de prados ou praderías con espazos significativos de vexetación natural e seminatural		< 3	120	55	22	14
24400	Sistemas agroforestais		≥ 3	53	23	14	9
24400	Sistemas agroforestais		< 3	80	35	17	10
24410	Pasteiros, prados o praderías con arborado adevesado		≥ 3	53	23	14	9
24410	Pasteiros, prados o praderías con arborado adevesado		< 3	80	35	17	10
24420	Cultivos agrícolas con arborado adevesado		≥ 3	53	23	14	9
24420	Cultivos agrícolas con arborado adevesado		< 3	80	35	17	10
31100	Frondosas			90	47	31	23
31110	Perennifolias			90	47	31	23
31120	Caducifolias e marcescentes			90	47	31	23
31130	Outras frondosas de plantación		≥ 3	79	34	19	14
31130	Outras frondosas de plantación		< 3	94	42	22	15
31140	Mesturas de frondosas			90	47	31	23
31150	Bosques de ribeira			76	34	22	16
31160	Laurisilva macaronésica			90	47	31	23
31200	Bosques de coníferas			90	47	31	23
31210	Bosques de coníferas de follas aciculares			90	47	31	23
31220	Bosques de coníferas de follas tipo cupresáceo			90	47	31	23
31300	Bosque mixto			90	47	31	23
32100	Pasteiros naturais		≥ 3	53	23	14	9
32100	Pasteiros naturais		< 3	80	35	17	10
32100	Prados alpinos		≥ 3	70	33	18	13
32100	Prados alpinos		< 3	120	55	22	14
32100	Formacións herbáceas de chairas aluviais inundadas e chairas costeiras, terras baixas		≥ 3	70	33	18	13
32100	Formacións herbáceas de chairas aluviais inundadas e chairas costeiras, terras baixas		< 3	120	55	22	14
32110	Pasteiros supraforestais		≥ 3	70	33	18	13
32110	Pasteiros supraforestais		< 3	120	55	22	14
32111	Pasteiros supraforestais templado-oceánicos, pirenaicos e orocantábricos		≥ 3	70	33	18	13
32111	Pasteiros supraforestais templado-oceánicos, pirenaicos e orocantábricos		< 3	120	55	22	14
32112	Pasteiros supraforestais mediterráneos		≥ 3	24	14	8	6
32112	Pasteiros supraforestais mediterráneos		< 3	57	25	12	7

Código	Uso de solo	Práctica de cultivo	Pendente (%)	Grupo de solo			
				A	B	C	D
32121	Outros pasteiros templado oceánicos		≥ 3	53	23	14	9
32121	Outros pasteiros templado oceánicos		< 3	79	35	17	10
32122	Outros pasteiros mediterráneos		≥ 3	24	14	8	6
32122	Outros pasteiros mediterráneos		< 3	57	25	12	7
32200	Landas e matorrais mesófilas			76	34	22	16
32210	Landas e matorrais en climas húmidos. Vexetación mesófila			76	34	22	16
32220	Fayal-brezal macaronésico			60	24	14	10
32300	Vexetación esclerófila			60	24	14	10
32311	Grandes formacións de matorral denso ou medianamente denso			75	34	22	16
32312	Matogueiras subarbustivos ou arbustivos moi pouco densos			60	24	14	10
32320	Matogueiras xerófilos macaronésicos			40	17	8	5
32400	Matogueira boscoso de transición			75	34	22	16
32400	Claras de bosques			40	17	8	5
32400	Zonas empantanadas fixas ou en transición			60	24	14	10
32410	Matogueira boscoso de frondosas			75	34	22	16
32420	Matogueira boscoso de coníferas			75	34	22	16
32430	Matogueira boscoso de bosque mixto			75	34	22	16
33110	Praias e dunas			152	152	152	152
33120	Ramblas con pouca o sen vexetación			15	8	6	4
33200	Roquedo			2	2	2	2
33210	Rochas espidas con forte pendente			2	2	2	2
33220	Afloramentos rochosos e canchais		≥ 3	2	2	2	2
33220	Afloramentos rochosos e canchais		< 3	4	4	4	4
33230	Coladas lávicas cuaternarias		≥ 3	3	3	3	3
33230	Coladas lávicas cuaternarias		< 3	5	5	5	5
33300	Espazos con vexetación escasa		≥ 3	24	14	8	6
33300	Espazos con vexetación escasa		< 3	58	25	12	7
33310	Xeroestepa subdesértica		≥ 3	24	14	8	6
33310	Xeroestepa subdesértica		< 3	58	25	12	7
33320	Cárcavas e/ou zonas en proceso de erosión			15	8	6	4
33330	Espazos orófilos altitudinais con vexetación escasa		≥ 3	24	14	8	6
33330	Espazos orófilos altitudinais con vexetación escasa		< 3	58	25	12	7
33400	Zonas queimadas			15	8	6	4
33500	Glaciares e neves permanentes			0	0	0	0
41100	Humidais e zonas pantanosas			2	2	2	2
41200	Turberas e prados turbosos			248	99	25	16
42100	Marismas			2	2	2	2
42200	Salinas			5	5	5	5
42300	Zonas llanas intermareais			0	0	0	0
51100	Cursos de auga			0	0	0	0
51110	Ríos y canles naturais			0	0	0	0
51120	Canais artificiais			0	0	0	0
51210	Lagos e lagoas			0	0	0	0
51210	Lagos e lagoas (almacenamento de auga)			0	0	0	0
51120	Encoros			0	0	0	0
51120	Encoros (almacenamento de auga)			0	0	0	0
52100	Lagoas costeiras			0	0	0	0
52200	Estuarios			0	0	0	0
52300	Mares e océanos			0	0	0	0

A partir dos mapas de cultivos obtidos da internet, para o municipio polo que discorre o noso itinerario peonil, este é, Boqueixón, obtivémolas táboas que nos permiten determinar o valor de Po.

MAPA DE CULTIVOS E APROVEITAMENTOS

Concello de Santiago de Compostela

Superficie T.M. de SANTIAGO do Mapa de Cultivos e Aproveitamentos en Internet	22.153,51	Ha
Superficie parcial da cunca de aportación:	22.153,51	Ha
Coeficiente:	1,00	
% Superficie de SANTIAGO dentro da cunca	1,00	

CLAVE	SIGNIFICADO		SUPERFICIE Ha T.M.	Ha cunca	% cunca
F	froiteiros		2,64	2,64	0,01
L	labor intensiva sen arborado		6.357,69	6.357,69	28,70
	Praderías	7,82%	496,91	496,91	2,24
	Cultivos de outono-inverno	40,18%	2.554,22	2.554,22	11,53
	Cultivos de primavera	50,04%	3.181,17	3.181,17	14,36
	Outros	1,97%	125,39	125,39	0,57
PRr	pradería con rego eventual		598,63	598,63	2,70
PR/Arb	pradería con arborado		178,63	178,63	0,81
PR+L	pradería+labor			0,00	0,00
M	matorral		1.108,46	1.108,46	5,00
M/Arb	matorral con arborado		756,51	756,51	3,41
Ppr	arborado: pino galego		292,52	292,52	1,32
Pi	arborado: pino insigne			0,00	0,00
Ppr/Eug	arborado: pino galego con eucalipto		5.865,46	5.865,46	26,48
Ppr/Eug/Qsp	arborado: pino galego e eucalipto con carballo			0,00	0,00
Ppr/Qsp	arborado: pino galego con carballo		2.137,98	2.137,98	9,65
Ppr/Ba	arborado: pino galego e bidueiro			0,00	0,00
Ppr/Eusp/Qsp	arborado: p. galego, E.rostrara e carballo			0,00	0,00
Pi/Qsp	arborado: pino insigne con carballo			0,00	0,00
Eusp	arborado: eucalipto sen especificar		1.368,09	1.368,09	6,18
Eusp/Eug	arborado: E. globulus, E.rostrata			0,00	0,00
Qsp	arborado: carballo			0,00	0,00
Eug/Qsp	arborado: carballo con eucalipto			0,00	0,00
Qsp/Ba	arborado: carballo con bidueiro			0,00	0,00
Qsp/Cs	arborado: carballo con castiñeiro			0,00	0,00
Qsp/Qs	arborado: carballo con bidueiro			0,00	0,00
Cs	arborado: castiñeiro			0,00	0,00
Cs/Qsp/Qs	arborado: carballo, bidueiro e castiñeiro		413,10	413,10	1,86
I	Improductivo		3.073,80	3.073,80	13,88
	TOTAL		*22.153,51*	*22.153,51*	*100,00*

Aproveitamento			
Barbeito	0,00 %		
	14,37 %	>3 (2/3)	*9,58*
Cultivo en fileira		<3 (1/3)	*4,79*
	11,53 %	>3 (2/3)	*7,69*
Cereais de inverno		<3 (1/3)	*3,84*
Rotación de cultivos pobres	0,57 %		
	0,00 %	>3 (2/3)	*0,00*
Rotación de cultivos densos		<3 (1/3)	*0,00*
	5,75 %	>3 (2/3)	*3,83*
Praderías		<3 (1/3)	*1,92*
Plantacións aprov. Forestal	33,97 %		
Masas forestais	19,93 %		
Improductivo	13,88 %		
	100,00		

3.2-2.3.1. Cálculo de Po

			% Rápida (A)	% Moderado (B)	% Lento (C)	% Moi lenta (D)	*100,0*		
			0	100	0	0	P0	%	P0
Cultivos en fileira	>3	R	23	13	8	6	13	0,00	0,00
		N	25	16	11	8	16	9,58	1,53
	<3	R/N	29	19	14	11	19	4,79	0,91
Cerais de inverno	>3	R	29	17,0	10,0	8,0	17	0,00	0,00
		N	32	19,0	12,0	10,0	19	7,69	1,46
	<3	R/N	34	21	14	12	21	3,84	0,81
Rotación de cultivos pobres	>3	R	26	15	9	6	15	0,00	0,00
		N	28	17	11	8	17	0,38	0,06
	<3	R/N	30	19	13	10	19	0,19	0,04
Rotación de cultivos densos	>3	R	37	20	12	9	20	0,00	0,00
		N	42	23	14	11	23	0,00	0,00
	<3	R/N	47	25	16	13	25	0,00	0,00
Praderías	>3		70	33	18	13	33	3,83	1,27
	<3		120	55	22	14	55	1,92	1,05
Plantacións regulares de aprov. Forestal			79	34	19	14	34	33,97	11,55
Masas forestais			90	47	31	23	47	19,93	9,37
Rochas	>3	R	2	2	2	2	2	0,00	0,00
	<3	R/N	4	4	4	4	4	0,00	0,00
Tecido urbano descontinuo			24	14	8	6	14	6,94	0,97
Tecido urbano continuo			1	1	1	1	1	6,94	0,07
								Po	*29,09*

3.2.2.4 Coeficiente corrector do limiar de escorrentía

A formulación do método racional efectuada nos epígrafes precedentes require dunha calibración con datos reais das cuncas, que se introduce no método a través dun coeficiente corrector do limiar de escorrentía b.

Pódense distinguir os seguintes casos, en función dos datos dispoñibles:

- Cando se dispoña dunha calibración específica par unha cunca concreta, o valor do coeficiente corrector a aplicar é, directamente, o obtido nela.

- Cando se dispoña dunha calibración específica apra unha cunca concreta, o valor do coeficiente corrector a aplicar é, directamente, o obtido nela.

- Cando se dispoña de datos sobre caudais suficientemente representativos para unha cunca concreta ou cuncas próximas similares, débese efectuar unha calibración por comparación entre datos reais e resultados do método racional, de tal xeito que os caudais correspondentes a distintos períodos de retorno obtidos a partir da análise estatística dos datos de caudal, coincidan sensiblemente cos obtidos mediante a aplicación do método.

- Cando non se dispoña de información suficiente na propia cunca de cálculo ou en cuncas próximas similares, para levar a cabo a calibración, pódese tomar o valor do coeficiente corrector a partir dos datos da táboa seguinte:



REXIÓNS CONSIDERADAS PARA A CARACTERIZACIÓN DO COEFICIENTE CORRECTOR DO LIMIAR DE ESCORRENTÍA

Rexión	Valor medio, ß*m*	Desviación respecto ao valor medio para o intervalo de confianza			Período de retorno *T* (años), *Ft*				
		50% Δ₅₀	*67% Δ₆₇*	*90% Δ₉₀*	2	5	25	100	500
11	**0,9**	**0,2**	**0,3**	**0,5**	**0,8**	**0,9**	**1,13**	**1,34**	**1,59**
12	0,95	0,2	0,25	0,45	0,75	0,9	1,14	1,33	1,56
13	0,6	0,15	0,25	0,4	0,74	0,9	1,15	1,34	1,55
21	1,2	0,2	0,35	0,55	0,74	0,88	1,18	1,47	1,9
22	1,5	0,15	0,2	0,35	0,74	0,9	1,12	1,27	1,37
23	0,7	0,2	0,35	0,55	0,77	0,89	1,15	1,44	1,82
24	1,1	0,15	0,2	0,35	0,76	0,9	1,14	1,36	1,63
25	0,6	0,15	0,2	0,35	0,82	0,92	1,12	1,29	1,48
31	0,9	0,2	0,3	0,5	0,87	0,93	1,1	1,26	1,45
32	1	0,2	0,3	0,5	0,82	0,91	1,12	1,31	1,54
33	2,15	0,25	0,4	0,65	0,7	0,88	1,15	1,38	1,62
41	1,2	0,2	0,25	0,45	0,91	0,96	1	1	1
42	2,25	0,2	0,35	0,55	0,67	0,86	1,18	1,46	1,78
511	2,15	0,1	0,15	0,2	0,81	0,91	1,12	1,3	1,5
512	0,7	0,2	0,3	0,5	1	1	1	1	1
52	0,95	0,2	0,25	0,45	0,89	0,94	1,09	1,22	1,36
53	2,1	0,25	0,35	0,6	0,68	0,87	1,16	1,38	1,56
61	2	0,25	0,35	0,6	0,77	0,91	1,1	1,18	1,17
71	1,2	0,15	0,2	0,35	0,82	0,94	1	1	1
72	2,1	0,3	0,45	0,7	0,67	0,86	1	-	-
81	1,3	0,25	0,35	0,6	0,76	0,9	1,14	1,34	1,58
821	1,3	0,35	0,5	0,85	0,82	0,91	1,07	-	-
822	2,4	0,25	0,35	0,6	0,7	0,86	1,16	-	-
83	2,3	0,15	0,25	0,4	0,63	0,85	1,21	1,51	1,85
91	0,85	0,15	0,25	0,4	0,72	0,88	1,19	1,52	1,95
92	1,45	0,3	0,4	0,7	0,82	0,94	1	1	1
93	1,7	0,2	0,25	0,45	0,77	0,92	1	1	1
941	1,8	0,15	0,2	0,35	0,68	0,87	1,17	1,39	1,64
As	1,2	0,15	0,25	0,4	0,77	0,91	1,11	1,24	1,32
942									
951	1,7	0,3	0,4	0,7	0,72	0,88	1,17	1,43	1,78
952	0,85	0,15	0,25	0,4	0,77	0,9	1,13	1,32	1,54
101	1,75	0,3	0,4	0,7	0,76	0,9	1,12	1,27	1,39
1021	1,45	0,15	0,25	0,4	0,79	0,93	1	1	1
1022	2,05	0,15	0,25	0,4	0,79	0,93	1	1	1

3.2.3. Área da cunca

Aos efectos da norma de drenaxe considérase como área da cunca A, a superficie medida en proxección horizontal (planta) que drena ao punto de desaugue.

O método de cálculo exposto nos apartados anteriores supón uns valores únicos da intensidade de precipitación e do coeficiente de escorrentía para toda a cunca, correspondentes aos seus valores medios. Esta hipótese só é aceptable en cuncas que sexan suficientemente homoxéneas, tanto respecto da variación espacial da precipitación como do coeficiente de escorrentía.

O caso máis xeral, de cuncas heteroxéneas, débese resolver mediante a súa división en áreas parciais de superficie Ai, que poidan considerarse homoxéneas, respecto aos factores sinalados, cuxos coeficientes de escorrentía Ci, e substituíndo na fórmula xeral de cálculo o produto dos tres factores pola correspondente sumatoria de produtos relativa a cada unha das áreas parciais, é dicir:

$$Q_T = \frac{K_t}{3{,}6} \cdot \sum_i \left[I(T,t_c)_i \cdot C_i \cdot A_i \right]$$

Nos casos máis habituais, dado o pequeno tamaño das cuncas, ás que resulta de aplicación este método de cálculo, a causa da heteroxeneidade débese a variación espacial do coeficiente de escorrentía e non tanto da intensidade de precipitación. En tales circunstancias considérase razoable adoptar un valor medio areal para a intensidade de precipitación na cunca I(T, tc) por lo que a expresión anterior resulta:

$$Q_T = \frac{K_t}{3{,}6} \cdot I(T,t_c) \cdot \sum_i \left[C_i \cdot A_i \right]$$

3.2.4. Coeficiente de uniformidade na distribución temporal da precipitación

O coeficiente Kt ten en conta a falta de uniformidade na distribución temporal da precipitación. Obterase a través da seguinte expresión:

$$K_t = 1 + \frac{t_c^{1,25}}{t_c^{1,25} + 14}$$

Onde:

- Kt (adimensional) Coeficiente de uniformidade na distribución temporal da precipitación.
- tc (horas) Tempo de concentración da cunca

3.2.5. Cuncas e subcuncas de aportación

As cuncas e subcuncas do presente proxecto foron determinadas apoiándose na cartografía a escala 1:1000, confeccionada pola empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., e a cartografía a escala 1:5000 facilitada pola Xunta de Galicia.

Elaborouse un plano de cuncas que se axunta ao final deste anexo e obtivéronse os datos necesarios de cada unha das cuncas que afectan ao funcionamento do itinerario proxectado.

Datos das cuncas:

CUNCA	L	H	j	Tc	K	S
Número/Nome	Km	m	%	h	Coef. Unif.	Km²
REGATO INNOMINADO	0,14	37,00	0,26	0,09	1,004	0,24

PLANO CUNCAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

FEDER
Fondo Europeo de Desarrollo Regional
UNIÓN EUROPEA
"Una manera de hacer Europa"

galicia o bo camiño

avanza galega de infraestruturas

CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C.e R. AUTOR DO PROXECTO
Asdo. Pablo Ramos Ferreiro

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.e P. DIRECTORA DO PROXECTO
Asdo. Mª Jesús Tejada López

Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN
Asdo. Carlos Lefler Guillón

ESCALA:
DIN A1: 1 / 2.500
DIN A3: 1 / 5.000
0 25 50 75 100m

TITULO:
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543. Treito: Barcia - Roxos P.Q. 1+800 - 4+150

CLAVE: AC/16/089.06

Nº DE PLANO: ANEXO 5
FOLLA 1 DE 2

DESIGNACION DO PLANO:
PLANO DE CUNCAS
Regato afluente rego de Roxos

DATA: Decembro 2016
Nº DE PAXINA:

Autor: —
Trazado: Alejandro
Ruta: H:\ALEJO\2016\Sendas\02-Barcia-Roxos
Nombre: A05-Cunca aportación
Tamaño impresión ISO full bleed A3 (420.00 x 297.00 mm)
Tabla de plumas: COLOR grosor porcapa.ctb



Tamaño impresión ISO full bleed A3 (420.00 x 297.00 mm)
Tabla de plumas: COLOR grosor porcapa.ctb

Autor: —
Trazado: Alejandro

Ruta: H:\ALEJO\2016\Sendas\02-Barcia-Roxos
Nombre: A05-Cuinca aportación

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

FEDER
Fondo Europeo de Desarrollo Regional
UNIÓN EUROPEA
"Una manera de hacer Europa"

galicia o bo camiño

axi
axencia galega de infraestruturas

CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C.e P. AUTOR DO PROXECTO
Asdo. Pablo Blanco Ferreiro

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.e P. DIRECTORA DO PROXECTO
Asdo. Mª Jesús Tejada López

Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN
Asdo. Carlos Lefler Gullón

ESCALA:
DIN A1: 1 / 5.000
DIN A3: 1 / 10.000
0 50 100 150 200m

TITULO:
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543. Treito: Barcia - Roxos P.Q. 1+800 - 4+150

CLAVE: AC/16/089.06

Nº DE PLANO: ANEXO 5
FOLLA 2 DE 2

DESIGNACION DO PLANO:
PLANO DE CUNCAS
Subcuncas de aportación

DATA: Decembro 2016

Nº DE PAXINA:

Anexo nº6 – Planeamento urbanístico

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 3
2. FONTES DA INFORMACIÓN 3
3. PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE 3
3.1 Concello de Santiago de Compostela 3

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543. BARCIA – ROXOS. P.Q.1+800 – 4+150

ANEXO Nº6: PLANEAMENTO URBANÍSTICO

1. INTRODUCIÓN

A través do presente anexo descríbese a situación urbanística actual dos terreos afectados pola construción do Itinerario peonil e ciclista na AC-543. Treito: Barcia – Roxos (P.Q. 1+800 – 4+150).

As obras proxectadas atópanse integramente no Concello de Santiago de Compostela.

As normas urbanísticas vixentes actualmente no concello son:

Concello	Figura	Data Aprobación
Santiago	Plan Xeral de Ordenación Municipal	03/10/2007

2. FONTES DA INFORMACIÓN

A información sobre os planeamentos urbanísticos vixentes foi proporcionada a través da web *hhtp://www.planeamentourbanistico.xunta.es*.

3. PLANEAMENTO URBANÍSTICO VIXENTE

3.1 Concello de Santiago de Compostela

No PXOM de Santiago de Compostela (03/10/2007) o solo, neste treito, atópase clasificado como:

- Solo urbano: Ordenanzas 5 e 6
- Solo Rústico de protección de Infraestruturas: Ordenanza 18
- Solo Rústico de protección das augas: Ordenanza 19
- Solo urbanizable delimitado: SUNP-25 Plan de Sectorización Roxos-Quintáns
- Plan Especial de Mellora do Medio Urbano de Roxos: PEMMU de Roxos
-

"Art. 53. Determinacións xerais para os tipos de solo

1. No solo urbano *o Plan Xeral distingue o solo urbano consolidado do solo urbano non consolidado que de conformidade co establecido no art. 12 LOUG, correspóndese coa superficie do solo urbano que non ten a consideración de consolidado e, en todo caso, polos terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións. Así mesmo, o Plan precisa a ordenación física pormenorizada do solo urbano, a través da delimitación dos solos segundo o seu destino para:*

a) Viais, aparcadoiros e zonas libres públicas.

b) Solos públicos para parques, xardíns urbanos e zonas verdes.

c) Solos para dotacións, equipamentos e demais servicios de interese público e social de carácter público e privado.

d) Solos edificables, coa súa cualificación entendida como a asignación detallada de usos pormenorizados, tipoloxías edificatorias e condicións da edificación.

e) Outros.

Ou remite dita ordenación ó planeamento de desenvolvemento, que haberá de pormenorizala.

"Art. 142. Ordenanza 5. Vivenda unifamiliar en ringleira.

1. Delimitación e ámbito: *Comprende esta Ordenanza as extensións de solo urbano consolidado mediante tipoloxías unifamiliares mixtas (adosada, exenta, etc.).*

2. Sistema de ordenación: *Manterase o actual sistema mixto de ordenación en edificación adosada, exenta ou pareada, debendo cumpri-las seguintes condicións:*

- A edificación medianeira ou adosada nun ou nos dous laterais, será obrigatoria sempre que exista na parcela colindante unha edificación medianeira ou adosada a dito ou ditos lindes.

- Autorízanse edificacións agrupadas horizontalmente en ringleira e promoción conxunta, adosadas de xeito que non queden novas medianeiras vistas.

- Non se poden xerar novas medianeiras a non ser que medie acordo firme co propietario da parcela contigua, autorizándose a carga mediante inscrición rexistral.

- A edificación exenta autorízase sempre que se garanta o cumprimento dos recuados laterais establecidos e non se dean algunha das condicións anteriores.

[…]"

Art. 143. Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva.

1. Delimitación e ámbito: *Comprende esta ordenanza as extensións consolidadas de solo urbano, caracterizadas por unha parcelación fraccionada normalmente ó eixe das vías tendente a soportar vivenda unifamiliar, tal e como se delimita nos planos de Ordenación.*

2. Sistema de ordenación:. *Establécese un sistema mixto de ordenación en base preferentemente á edificación exenta permitíndose a edificación pareada ou adosada cando medie acordo entre colindantes, autorizándose a carga mediante inscrición rexistral, de edificación simultánea das dúas parcelas, ou cando exista edificación colindante adosada ó linde, debendo neste caso dar continuidade ás medianeiras vistas obrigatoriamente sempre e cando aquelas edificacións non estean en réxime de fóra de ordenación. A nova edificación situarase en liña de fachada se a colindante, dentro de ordenación, presenta esta disposición.*

[…]"

*"**Art. 162. Ordenanza 18. Solo Rústico de Protección de Infraestruturas***

1. Delimitación e ámbito*: Constitúen o solo rústico de protección de infraestruturas aqueles terreos destinados á localización de infraestruturas e as súas zonas de afección non susceptibles de transformación, como son as de comunicacións e telecomunicacións, as instalacións para o abastecemento (depósitos e outros dispositivos), saneamento e depuración da auga, a de xestión de residuos sólidos, e aqueles que deveñen da previsión de instrumento de planeamento e ordenación do territorio. O seu ámbito está indicado nos planos de ordenación.*

2. Condicións de uso e actividade: *Sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial específica, as condicións de uso e actividade serán as establecidas no art. 37 LOUG.*

En cumpro do deber de protección, o empresario deberá garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva, centrada especificamente no posto de traballo ou función de cada traballador. Na súa aplicación, todos os operarios recibirán, ao ingresar na obra ou con anterioridade, unha exposición detallada dos métodos de traballo e os riscos que puidesen entrañar, xuntamente coas medidas de prevención e protección que deberán empregar. Os traballadores serán amplamente informados das medidas de seguridade persoais e colectivas que deben establecerse no tallo ao que están adscritos, repetíndose esta información cada vez que se cambie de tallo.

O contratista facilitará unha copia do plan de seguridade e saúde a todas as subcontratas e traballadores autónomos integrantes da obra, así como aos representantes dos traballadores.

10.2 Servizos de prevención e organización da seguridade e saúde na obra.

A empresa construtora vén obrigada a dispoñer dunha *organización especializada de prevención de riscos laborais,* de acordo co establecido no Real Decreto 39/1997, citado: cando posúa un equipo superior aos 250 traballadores, con Servizo de Prevención propio, mancomunado ou alleo contratado para tales efectos, en calquera caso debidamente acreditado ante a Autoridade laboral competente ou, en supostos de menores equipos, mediante a designación dun ou varios traballadores, axeitadamente formados e acreditados a nivel básico, segundo se establece no mencionado Real Decreto 39/1997.

A empresa contratista encomendará á súa organización de prevención a vixilancia de cumprimento das obrigas preventivas desta, plasmadas no *plan de seguridade e saúde da obra, así como* a asistencia e asesoramento ao Xefe de obra en cantas cuestións de seguridade se formulen ao longo da duración da obra.

Polo menos un dos traballadores destinados na obra posuirá formación e adestramento específico en primeiros auxilios a accidentados, coa obriga de atender á devandita función en todos aqueles casos en que se produza un accidente con efectos persoais ou danos ou lesións, por pequenos que estes sexan.

Todos os traballadores destinados na obra posuirán xustificantes de pasar recoñecementos médicos preventivos e de capacidade para o traballo a desenvolver, durante os últimos doce meses, realizados no departamento de Medicina do Traballo dun Servizo de Prevención acreditado.

O plan de seguridade e saúde establecerá as condicións en que se realizará a información aos traballadores, relativa aos riscos previsibles na obra, así como as accións formativas pertinentes.

10.3 Modelo de organización da seguridade na obra

Ao obxecto de lograr que o conxunto das empresas concorrentes na obra posúan a información necesaria acerca da súa organización en materia de seguridade nesta obra, así como o procedemento para asegurar o cumprimento do plan de seguridade e saúde da obra por parte de todos os seus traballadores, dito plan de seguridade e saúde considerará a obriga de que cada subcontrata designe antes de comezar a traballar na obra, polo menos:

- *Técnicos de prevención* designados pola súa empresa para a obra, que deberán planificar as medidas preventivas, formar e informar os seus traballadores, investigar os accidentes e incidentes, etc.
- *Traballadores responsables* de manter actualizado e completo o arquivo de seguridade e saúde da súa empresa en obra.
- *Vixilantes de seguridade e saúde,* coa función de vixiar o cumprimento do plan de seguridade e saúde por parte dos seus traballadores e dos dos seus subcontratistas, así como daqueles que, aínda non sendo das súas empresas, poidan xerar risco para os seus traballadores.

10.3.1. Medidas de carácter dotacional

- Servizo médico

A empresa contratista disporá dun Servizo de vixilancia da saúde dos traballadores segundo o disposto na Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Todos os operarios que empecen traballar na obra deberán pasar un recoñecemento médico xeral previo nun prazo inferior a un ano. Os traballadores que han de estar ocupados en traballos que esixan calidades fisiolóxicas ou psicolóxicas determinadas deberán pasar recoñecementos médicos específicos para a comprobación e certificación de idoneidade para tales traballos, entre os que se atopan os de gruístas, condutores, operadores de máquinas pesadas, traballos en altura, etc.

- Botica de primeiros auxilios de obra

A obra disporá de material de primeiros auxilios en lugar debidamente sinalizado e de axeitado acceso e estado de conservación, o contido da cal será revisado semanalmente, repoñéndose os elementos necesarios.

Como mínimo ha de dispoñer de:

- ✓ Un frasco de auga osixenada

- ✓ Un frasco de alcohol 96º
- ✓ Un frasco de tintura de iodo
- ✓ Un frasco de mercurocromo
- ✓ Un frasco de amoníaco
- ✓ Un paquete de gasas esterilizadas
- ✓ Un paquete de algodón hidrófilo
- ✓ Un rolo de esparadrapo
- ✓ Un paquete de tiritas
- ✓ Un torniquete
- ✓ Unha bolsa para auga ou xeo
- ✓ Luvas esterilizadas
- ✓ Un termómetro clínico
- ✓ Antiespasmódicos
- ✓ Analxésicos
- ✓ Tónicos cardíacos de urxencia
- ✓ Xiringas desbotables
- ✓ Tesoiras

- o Instalacións de hixiene e benestar

De acordo co apartado 15 do Anexo 4 do Real Decreto 1627/97, a obra disporá das instalacións necesarias de hixiene e benestar.

Dadas as características habituais da obra, de linealidade e separación no espazo dos distintos tallos, o contratista poderá propoñer no seu plan de seguridade e saúde o uso para os traballadores de instalacións existentes na zona, logo de acordo cos seus propietarios e sempre que se cumpran as normas establecidas en Real Decreto mencionado. En todo caso os traballadores disporán de medios de transporte precisos para o uso destas instalacións, facilitados pola empresa contratista.

Asegurarase, en todo caso a subministración de auga potable ao persoal pertencente á obra.

- o Asistencia a accidentados.

Deberase informar á obra da localización dos diferentes Centros Médicos (Servizos propios, Mutuas Patronais, Mutualidades Laborais, Ambulatorios, etc) onde debe trasladarse aos accidentados para o seu máis rápido e efectivo tratamento.

É moi conveniente dispoñer na obra, e en sitio visible, dunha lista cos teléfonos e direccións dos Centros asignados para urxencias, ambulancias, taxis, etc., para garantir un rápido transporte dos posibles accidentados aos Centros de asistencia.

- o Teléfonos xerais

Servizo de Emerxencias	**112**
Ambulancia	**061**
Policía Nacional	**091**
Policía Local	**092**
Bombeiros	**080**
Garda Civil	**062**

- o Teléfonos urxencias Concello de Santiago de Compostela

Concello	**981 542 300**
Garda Civil	**981 581 611**
Seguridade cidadá	**981 542 321**
Protección Civil	**981 543 105**
Hospital clínico	**981 950 000**

10.3.2. Medidas xerais de carácter técnico

O plan de seguridade e saúde da obra establecerá co detalle preciso os accesos e as vías de circulación e aparcamento de vehículos e máquinas na obra, así como as súas condicións de trazado, drenaxe e afirmado, sinalización, protección e balizamento. Os *valos autónomos* de protección e delimitación de espazos estarán construídas a base de tubos metálicos soldados, terán unha altura mínima de 90 cm e estarán pintadas en branco ou en cores amarelo ou laranxa luminosos, manténdose a súa pintura en correcto estado de conservación e non debendo presentar indicios de óxido nin elementos dobrados ou rotos.

En relación coas instalacións eléctricas de obra, a resistencia das *tomas de terra* non será superior a aquela que garanta unha tensión máxima de 24 V, de acordo coa sensibilidade do interruptor diferencial que, como mínimo, será de 30 mA para iluminación e de 300 mA para forza. Comprobarase periodicamente que se produce a desconexión ao accionar o botón de proba do *diferencial,* sendo absolutamente obrigatorio proceder a unha revisión deste por persoal especializado, ou substituílo cando a desconexión non se produce. Todos os elementos eléctricos, como fusibles, cortacircuítos e interruptores, serán de equipo pechado, capaces de imposibilitar o contacto eléctrico fortuíto de persoas ou cousas, ao igual que os bornes de conexións, que estarán provistas de protectores axeitados.

Disporanse *interruptores,* un por enchufe, no cadro eléctrico xeral, ao obxecto de permitir deixar sen corrente os enchufes nos que se vaia conectar maquinaria de 10 ou máis amperios, de maneira que sexa posible enchufar e desenchufar a máquina en ausencia de corrente. Os *taboleiros portantes de bases de enchufe* dos cadros eléctricos auxiliares fixaranse eficazmente a elementos ríxidos, de forma que se impida o desenganche fortuíto dos condutores de alimentación, así como contactos con elementos metálicos que poidan ocasionar descargas eléctricas a persoas ou obxectos.

As *lámpadas eléctricas* portátiles terán mango illante e dispositivo protector da lámpada, tendo alimentación de 24 voltios ou, no seu defecto, estar alimentadas por medio dun transformador de separación de circuítos.

Todas as *máquinas eléctricas* disporán de conexión a terra, con resistencia máxima permitida dos electrodos ou placas de 5 a 10 ohmios, dispoñendo de cables con dobre illamento impermeable e de cuberta suficientemente resistente. As mangueiras de conexión ás tomas de terra levarán un fío adicional para conexión ao polo de terra do enchufe.

Os *extintores* de obra serán de po polivalente e cumprirán a Norma UNE 23010, colocándose nos lugares de maior risco de incendio, a unha altura de 1,50 m sobre o chan e axeitadamente sinalizados.

O plan de seguridade e saúde desenvolverá detalladamente estas medidas xerais a adoptar no curso de a obra, así como cantas outras se consideren precisas, propoñendo as alternativas que o contratista considere convenientes, no seu caso.

10.4 Prevención de riscos de danos a terceiros

Sinalizarase, de acordo coa normativa vixente, o enlace coas pistas e camiños, tomándose as axeitadas medidas de seguridade que cada caso require.

Sinalizaranse os accesos naturais á obra, prohibíndose o paso a toda persoa allea a esta, colocándose no seu caso os cerramentos necesarios.

No que se refire a risco por voadura de rocha, tomaranse as medidas preventivas necesarias para que tales voaduras non produzan danos en persoas ou bens próximos (cortes de tráfico na estrada existente, proteccións mallas, persoal de aviso, limpeza mecanizada inmediatamente despois de cada voadura, etc.).

11. CONCLUSIÓN

O estudo de seguridade e saúde que se elaborou comprende a previsión das actividades construtivas proxectadas e os riscos previsibles na execución das mesmas, así como as normas e medidas preventivas que haberán de adoptarse na obra, a definición literal e gráfica precisa das proteccións a utilizar, as súas respectivas medicións e prezos e o presuposto final do estudo.

Sobre a base de tales previsións, o contratista elaborará e proporá o plan de seguridade e saúde da obra, como aplicación concreta e desenvolvemento deste estudo, así como de presentación e xustificación das alternativas preventivas que se xulguen necesarias, en función do método e equipos que en cada caso se vaian utilizar na obra.

En relación con tal función e aplicacións, o autor do presente estudo de seguridade e saúde estima que a redacción das páxinas anteriores resulta suficiente para cumprir os devanditos obxectivos e para constituír o conxunto básico de previsións preventivas da obra a realizar.

Santiago de Compostela, decembro de 2016

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos
Autor do Estudo

Asdo. Pablo Blanco Ferreiro

Anexo: Xustificación de prezos

1. CRITERIOS ADOPTADOS

Os prezos establecéronse para a data do proxecto, baseados nos datos que a continuación se expoñen.

1.1 Man de obra

Os custos horarios das distintas categorías profesionais, correspondentes á man de obra directa elaboráronse de acordo cas ordes Ministeriais e os salarios base do convenio colectivo da provincia.

A fórmula que se recolle nunha das ordes ministeriais antes mencionadas para o cálculo horario da man de obra é a seguinte:

$$C = (4 \times A) + B$$

sendo:

C: custo horario total para a empresa en €/hora

A: retribución total do traballador, que ten exclusivamente carácter salarial en €/hora.

B: retribución do traballador de carácter non salarial, plus de transporte, plus de distancia… en €/hora.

1.2 Maquinaria

O estudio dos custos da maquinaria está baseado na edición da publicación do SEOPAN *"Costes de maquinaria".*

Nesta publicación os custos horarios de cada máquina están formados polos seguintes sumandos: amortización, conservación e seguros, enerxía y engraxes, persoal e varios.

1.3 Materiais

Os custos dos materiais obtivéronse das informacións dos subministradores de zonas próximas á do proxecto.

2. CUSTOS INDIRECTOS

A estimación dos custos indirectos baséanse en criterios marcados polo Ministerio de Obras Públicas.

De acordo ca fórmula emitida por este Ministerio, fixouse prezo de execución material:

$$P_u = \left(1 + \frac{K}{100}\right) \times C_u$$

onde:

Pu: prezo de execución material da unidade correspondente en Euros.

K: porcentaxe de custos indirectos

Cu: custo directo da unidade en Euros.

El valor de K obtense mediante a suma de: $K = K_1 + K_2$, onde:

K1: porcentaxe correspondente a imprevistos. Por tratarse de una obra terrestre tómase K1 igual a 1.

K2: porcentaxe resultante da relación entre custos indirectos e custos directos

$$K_2 = \frac{C_i}{C_d} \times 100$$

Así:

$$K_2 = \left(\frac{365,82}{7.316,33} \right) \times 100 \sim 5$$

$$K = 1 + 5 = 6$$

Adoptamos **K = 6 %**

Prezos unitarios

PREZOS UNITARIOS - TODO

SEGURIDADE E SAÚDE: ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543 *Ref.:* 09XC16V05SS

Código	Ud	Descripción	Prezo €
OE	h	Encargado de obra.	14,92
OO1	h	Oficial 1ª.	13,42
OO2	h	Oficial 2º.	13,17
OPE	h	Peón Especialista.	12,74
OPO	h	Peón Ordinario.	12,51
OSE	h	Sinalista	12,51
P35AA006	ud	Extintor po ABC 6 Kg.	46,13
P42AE001	ud	Acomet.prov.elect.a caseta.	103,05
P42AE101	ud	Acomet.prov.fontan.a caseta.	90,90
P42AE201	ud	Acomet.prov.saneamt.a caseta.	75,37
P42AG801	ud	Botiquín de obra.	21,76
P42AG820	ud	Camilla portatil evacuacións	137,77
P42CA001	ud	Sinal normalizada	53,83
P42CA005	ud	Cartel indic.nor.0.30x0.30 m	4,56
P42CA501	ud	Soporte metálico para sinal	15,67
P42CC020	ud	Valla reflexiva de sinalizac.	85,29
P42CC040	m	Valla contención peatóns	31,45
P42EA001	ud	Casco de seguridade homologado	3,20
P42EA220	ud	Gafas contra impactos.	11,77
P42EA230	ud	Gafas antipo.	3,59
P42EA401	ud	Máscara antipo	4,21
P42EA410	ud	Filtr.recambio masc.antipo	0,70
P42EA601	ud	Protectores auditivos.	9,15
P42EC001	ud	Mono de traballo.	14,71
P42EC401	ud	Cinturón de seguridade homologado	69,30
P42EG010	ud	Par de botas seguri.con punt. e p	27,81
P42GE750	ud	Cadro secundario de obras.	211,70
P42IA040	ud	Reconocemento médico obligat.	48,20
PBLI	ud	Baliza luminosa intermitente.	10,72
PC35	m	Cable 35 mm Cu	1,79
PCONEC	ud	Conectores de cobre.	2,72
PCORBA	ud	Cordón Balizamento reflectante.	3,31
PGRIF	ud	Grifo.	5,12
PH200	m³	Formigón HM-20 en planta p.o.	62,90
PID300	ud	Interruptor diferencial 300mA.	87,69
PJA	ud	Xalón de señalización.	8,65
PPICA	ud	Pica 2m Ø14mm.	11,28
PPILE	ud	Pileta.	22,43
PSCS16cb	ud	Cono señ vial 70cm refl	24,35
PSHM13a	ud	Mesa de madeira para 10 persoas.	158,91
PSHM14a	ud	Banco de madeira para 5 persoas.	73,69
PSPE.4a	ud	Par de luvass coiro/textil normal	4,48
U42CC230	m	Cinta de balizamiento reflec.	0,37

Cadro de Prezos Descompostos

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 09XC16V05

Código	Cantidade	Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
CAPÍTULO SS-1 PROTECCIÓNS INDIVIDUAIS						
D41EA001		*ud*	***Casco de seguridade*** Casco de seguridade homologado.			
P42EA001	1,0000	ud	Casco de seguridade homologado	3,20	3,20	
			Materiais			3,20
			Suma da partida			3,20
			Costes indirectos		6,00%	0,19
			TOTAL PARTIDA			**3,39**
D41EA401		*ud*	***Máscara antipo*** Máscara antipo, homologada.			
P42EA401	1,0000	ud	Máscara antipo	4,21	4,21	
			Materiais			4,21
			Suma da partida			4,21
			Costes indirectos		6,00%	0,25
			TOTAL PARTIDA			**4,46**
D41EA410		*ud*	***Filtro recambio máscara.*** Filtro recambio máscara, homologado.			
P42EA410	1,0000	ud	Filtr.recambio masc.antipo	0,70	0,70	
			Materiais			0,70
			Suma da partida			0,70
			Costes indirectos		6,00%	0,04
			TOTAL PARTIDA			**0,74**
D41EA220		*ud*	***Gafas contra impactos.*** Gafas contra impactos, homologadas.			
P42EA220	1,0000	ud	Gafas contra impactos.	11,77	11,77	
			Materiais			11,77
			Suma da partida			11,77
			Costes indirectos		6,00%	0,71
			TOTAL PARTIDA			**12,48**
D41EA230		*ud*	***Gafas antipo*** Gafas antipo, homologadas.			
P42EA230	1,0000	ud	Gafas antipo.	3,59	3,59	
			Materiais			3,59
			Suma da partida			3,59
			Costes indirectos		6,00%	0,22
			TOTAL PARTIDA			**3,81**

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 09XC16V05

Código	Cantidade	Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
D41EA601		*ud*	***Protectores auditivos.*** Protectores auditivos, homologados.			
P42EA601	1,0000	ud	Protectores auditivos.	9,15	9,15	
			Materiais			9,15
			Suma da partida			9,15
			Costes indirectos		6,00%	0,55
			TOTAL PARTIDA			**9,70**
D41EC001		*ud*	***Mono de traballo.*** Mono de traballo, homologado			
P42EC001	1,0000	ud	Mono de traballo.	14,71	14,71	
			Materiais			14,71
			Suma da partida			14,71
			Costes indirectos		6,00%	0,88
			TOTAL PARTIDA			**15,59**
D41EC401		*ud*	***Cinturon seguridade clase a.*** Cinturón de seguridade clase A (suxección), homologado.			
P42EC401	1,0000	ud	Cinturón de seguridade homologado	69,30	69,30	
			Materiais			69,30
			Suma da partida			69,30
			Costes indirectos		6,00%	4,16
			TOTAL PARTIDA			**73,46**
D41EG010		*ud*	***Par botas seguridade.*** Par de botas de seguridade con punteira e plantillas metálicas, homologadas.			
P42EG010	1,0000	ud	Par de botas seguri.con punt. e p	27,81	27,81	
			Materiais			27,81
			Suma da partida			27,81
			Costes indirectos		6,00%	1,67
			TOTAL PARTIDA			**29,48**
SPIT.6a		*ud*	***Par luvas coiro/textil normal*** Par de luvas de tecido algodón en espiga de color amarelo con palma, cotenos e uñeiros de serraxe, 5 dedos, impermeable, con forrado interior e elástico de axuste na muñeca, contra riscos mecánicos, considerando 2 usos.			
PSPE.4a	1,0000	ud	Par de luvass coiro/textil normal	4,48	4,48	
			Materiais			4,48
			Suma da partida			4,48
			Costes indirectos		6,00%	0,27
			TOTAL PARTIDA			**4,75**

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 09XC16V05

Código	Cantidade	Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
CAPÍTULO SS-2 PROTECCIÓNS COLECTIVAS						
D41CA010		*ud*	***Sinal normal tráf. U/soporte.*** Sinal normal tráfico con soporte metálico de ferro galvanizado 80x40x2 mm. e 1,3 m. de altura incluso parte proporcional de apertura de pozo, formigonado, colocación e desmontado.			
OPO	0,3000	h	Peón Ordinario.	12,51	3,75	
P42CA001	0,3300	ud	Sinal normalizada	53,83	17,76	
P42CA501	0,3300	ud	Soporte metálico para sinal	15,67	5,17	
PH200	0,6000	m³	Formigón HM-20 en planta p.o.	62,90	37,74	
			Man de obra			3,75
			Materiais			60,68
			Suma da partida			64,42
			Costes indirectos		6,00%	3,87
			TOTAL PARTIDA			**68,29**
SCORD		*ud*	***Cordón balizamento reflectante*** Cordón de balizamento reflectante, incluido soporte colocación e desmontaxe.			
OPO	0,0500	h	Peón Ordinario.	12,51	0,63	
PCORBA	1,0000	ud	Cordón Balizamento reflectante.	3,31	3,31	
			Man de obra			0,63
			Materiais			3,31
			Suma da partida			3,94
			Costes indirectos		6,00%	0,24
			TOTAL PARTIDA			**4,18**
D41CA240		*ud*	***Cartel indicat.Risco sen so.*** Cartel indicativo de risco de 0,30x0,30 m., sen soporte metálico, incluido colocación e desmontado			
OPO	0,2000	h	Peón Ordinario.	12,51	2,50	
P42CA005	1,0000	ud	Cartel indic.nor.0.30x0.30 m	4,56	4,56	
			Man de obra			2,50
			Materiais			4,56
			Suma da partida			7,06
			Costes indirectos		6,00%	0,42
			TOTAL PARTIDA			**7,48**

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 09XC16V05

Código	Cantidade	Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
D41CC040		*ud*	***Valla contencion peatons.*** Valla autónoma metálica de 2,5 m. de lonxitude para contención de peatóns normalizada, incluido colocación e desmontaxe.			
OPO	0,0500	h	Peón Ordinario.	12,51	0,63	
P42CC040	0,0500	m	Valla contención peatóns	31,45	1,57	
			Man de obra			0,63
			Materiais			1,57
			Suma da partida			2,20
			Costes indirectos		6,00%	0,13
			TOTAL PARTIDA			**2,33**
D41CC020		*ud*	***Valla de obra con tripode.*** Valla de obra de 800x200 mm. de unha banda con trípode, terminación en pintura normal duas cores roxo e branco, incluido colocación e desmontaxe.			
OPO	0,0500	h	Peón Ordinario.	12,51	0,63	
P42CC020	0,0500	ud	Valla reflexiva de sinalizac.	85,29	4,26	
			Man de obra			0,63
			Materiais			4,26
			Suma da partida			4,89
			Costes indirectos		6,00%	0,29
			TOTAL PARTIDA			**5,18**
SHSEÑ		*h*	***Man obra sinalista*** Man de obra sinalista			
OSE	1,0000	h	Sinalista	12,51	12,51	
			Man de obra			12,51
			Suma da partida			12,51
			Costes indirectos		6,00%	0,75
			TOTAL PARTIDA			**13,26**
SPCS16cb		*ud*	***Cono sinal vial 70 refl. Amtz 5*** Cono de PVC para sinalización vial de 70 cm de altura, en cor roxo con franxa reflectante, considerando 5 usos, colocado.			
PSCS16cb	0,2000	ud	Cono señ vial 70cm refl	24,35	4,87	
OPE	0,0500	h	Peón Especialista.	12,74	0,64	
			Man de obra			0,64
			Materiais			4,87
			Suma da partida			5,51
			Costes indirectos		6,00%	0,33
			TOTAL PARTIDA			**5,84**

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 09XC16V05

Código	Cantidade	Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
SCINTA		*m*	***Cinta de balizamiento R/B*** Cinta corrida de balizamento plástica pintada a dous cores vermella e blanca, incluso colocación e desmontado.			
OPO	0,1000	h	Peón Ordinario.	12,51	1,25	
U42CC230	1,0000	m	Cinta de balizamiento reflec.	0,37	0,37	
			Man de obra			1,25
			Materiais			0,37
			Suma da partida			1,62
			Costes indirectos		6,00%	0,10
			TOTAL PARTIDA			**1,72**
SBAL		*ud*	***Baliza luminosa intermitente*** Baliza luminosa intermitente			
OPO	0,0500	h	Peón Ordinario.	12,51	0,63	
PBLI	1,0000	ud	Baliza luminosa intermitente.	10,72	10,72	
			Man de obra			0,63
			Materiais			10,72
			Suma da partida			11,35
			Costes indirectos		6,00%	0,68
			TOTAL PARTIDA			**12,03**
SJAL		*ud*	***Jalón de sinalización*** Jalón de sinalización.			
OPO	0,0500	h	Peón Ordinario.	12,51	0,63	
PJA	1,0000	ud	Xalón de señalización.	8,65	8,65	
			Man de obra			0,63
			Materiais			8,65
			Suma da partida			9,28
			Costes indirectos		6,00%	0,56
			TOTAL PARTIDA			**9,84**

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 09XC16V05

Código	Cantidade	Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
CAPÍTULO SS-3 EXTINCIÓN DE INCENDIOS						
D41GG405		*ud*	***Extintor pol. Abc6kg.Ef 21a-113b*** Extintor de po ABC con eficacia 21A-113B para extinción de fogo de materias sólidas, líquidas, productos gaseosos e incendios de equipos eléctricos, de 6 Kg. de axente extintor con soporte, manómetro e boquilla con difusor según norma UNE-23110, totalmente instalado.Certificado por AENOR.			
OPE	0,1000	h	Peón Especialista.	12,74	1,27	
P35AA006	1,0000	ud	Extintor po ABC 6 Kg.	46,13	46,13	
			Man de obra			1,27
			Materiais			46,13
			Suma da partida			47,40
			Costes indirectos		6,00%	2,84
			TOTAL PARTIDA			**50,24**

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 09XC16V05

Código	Cantidade	Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
CAPÍTULO SS-4 PROTECCIÓN INSTALACIÓN ELÉCTRICA						
SPTIER		*ud*	***Instalación de posta a terra*** Instalación de posta a terra composta por cable de cobre electrodo conectado a terra en masas metálicas, etc.			
OE	0,0190	h	Encargado de obra.	14,92	0,28	
OPE	0,3980	h	Peón Especialista.	12,74	5,07	
PPICA	3,0000	ud	Pica 2m Ø14mm.	11,28	33,84	
PC35	3,0000	m	Cable 35 mm Cu	1,79	5,37	
PCONEC	3,0000	ud	Conectores de cobre	2,72	8,16	
			Man de obra			5,35
			Materiais			47,37
			Suma da partida			52,72
			Costes indirectos 6,00%			3,16
			TOTAL PARTIDA			**55,88**
D41GG310		*ud*	***Cadro secund.Int.Dif.30 ma.*** Armario tipo PLT2 de dous corpos e ata 26Kw con protección, compto por: Dous armarios para un abonado trifásico; brida de unión de corpos; contador activa 30--90A; caixa IPC-4M practicable; Int.Gen.Aut.4P 40A-U; IGD.4P 40A 0,03A; Int.Gen.Dif.2P 40A 0,03A; Int.Aut.4P 32A-U; Int.Aut.3P 32A-U; Int.Aut.3P 16A-U; Int.Aut.2P 32A-U; 2Int.Aut.16A-U; toma de corrente c/interruptor IP 447,3P+N+T 32A con caravilla; toma IP 447,3P+T 32A c/c; toma IP 447,3P+T 16A c/c; duas tomas IP 447,2P+T 16A c/c; cinco bornas DIN 25 mm2., i/p.p de canaleta, borna terra, cableado e rótulos totalmente instalado.			
OO1	0,0800	h	Oficial 1ª.	13,42	1,07	
OPO	0,1000	h	Peón Ordinario.	12,51	1,25	
P42GE750	1,0000	ud	Cadro secundario de obras.	211,70	211,70	
			Man de obra			2,32
			Materiais			211,70
			Suma da partida			214,02
			Costes indirectos 6,00%			12,84
			TOTAL PARTIDA			**226,86**
SINTERM		*ud*	***Interruptor diferencial media*** Interruptor diferencial de media sensibilidade (300 mA).			
OPE	0,2500	h	Peón Especialista.	12,74	3,19	
PID300	1,0000	ud	Interruptor diferencial 300mA	87,69	87,69	
			Man de obra			3,19
			Materiais			87,69
			Suma da partida			90,88
			Costes indirectos 6,00%			5,45
			TOTAL PARTIDA			**96,33**

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 09XC16V05

Código	Cantidade	Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
CAPÍTULO SS-5 INSTALACIÓNS HIXIENE E BENESTAR						
SEHM13a		*ud*	***Mesa de madeira para 10 persoas*** Mesa de madeira para comedor de obra, con capacidade para 10 persoas, colocada. (Amortizable en 5 usos).			
PSHM13a	0,2000	ud	Mesa de madeira para 10 persoas.	158,91	31,78	
OPO	0,1000	h	Peón Ordinario.	12,51	1,25	
			Man de obra			1,25
			Materiais			31,78
			Suma da partida			33,03
			Costes indirectos 6,00%			1,98
			TOTAL PARTIDA			**35,01**
SEHM14a		*ud*	***Banco de madeira para 5 persoas*** Banco de madeira para comedor de obra, con capacidade para 5 persoas, colocado. (Amortizable en 5 usos).			
PSHM14a	0,2000	ud	Banco de madeira para 5 persoas.	73,69	14,74	
OPO	0,1000	h	Peón Ordinario.	12,51	1,25	
			Man de obra			1,25
			Materiais			14,74
			Suma da partida			15,99
			Costes indirectos 6,00%			0,96
			TOTAL PARTIDA			**16,95**
SBARR		*ud*	***Mes alquiler barracon comedor*** Mes de alquiler barracon para comedor.			
			Sen descomposición			
			TOTAL PARTIDA			**30,00**
SVES		*ud*	***Mes alquiler barracon vestiario*** Mes de alquiler barracón vestiario.			
			Sen descomposición			
			TOTAL PARTIDA			**40,00**

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 09XC16V05

Código	Cantidade	Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
SPIL		*ud*	***Pileta corrida construida obra*** Pileta corrida construída e dotada con tres grifos.			
OO1	0,2520	h	Oficial 1ª.	13,42	3,38	
OPO	0,2500	h	Peón Ordinario.	12,51	3,13	
PPILE	1,0000	ud	Pileta.	22,43	22,43	
PGRIF	3,0000	ud	Grifo.	5,12	15,36	
			Man de obra			6,51
			Materiais			37,79
			Suma da partida			44,30
			Costes indirectos		6,00%	2,66
			TOTAL PARTIDA			**46,96**
SACOM1		*ud*	***Acomet.Prov.Elect.A caseta.*** Acometida provisional de electricidade a casetas de obra.			
P42AE001	1,0000	ud	Acomet.prov.elect.a caseta.	103,05	103,05	
			Materiais			103,05
			Suma da partida			103,05
			Costes indirectos		6,00%	6,18
			TOTAL PARTIDA			**109,23**
SACOM2		*ud*	***Acomet.Prov.Fontan.A caseta.*** Acometida provisional de fontaneria a casetas de obra.			
P42AE101	1,0000	ud	Acomet.prov.fontan.a caseta.	90,90	90,90	
			Materiais			90,90
			Suma da partida			90,90
			Costes indirectos		6,00%	5,45
			TOTAL PARTIDA			**96,35**
SACOM3		*ud*	***Acomet.Prov.Saneamt.A caseta.*** Acometida provisional de saneamento a casetas de obra.			
P42AE201	1,0000	ud	Acomet.prov.saneamt.a caseta.	75,37	75,37	
			Materiais			75,37
			Suma da partida			75,37
			Costes indirectos		6,00%	4,52
			TOTAL PARTIDA			**79,89**

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 09XC16V05

Código	Cantidade	Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
CAPÍTULO SS-6 MEDICINA PREVENT, PRIMEIROS AUX.						
SPAD		*ud*	***Padiola portatil evacuacions*** Padiola portátil para evacuacións, colocada.			
OPO	0,0500	h	Peón Ordinario.	12,51	0,63	
P42AG820	0,0500	ud	Camilla portatil evacuacións	137,77	6,89	
			Man de obra			0,63
			Materiais			6,89
			Suma da partida			7,52
			Costes indirectos		6,00%	0,45
			TOTAL PARTIDA			**7,97**
SBOT		*ud*	***Botiquin de obra.*** Ud. Botiquín de obra instalado.			
OPO	0,0500	h	Peón Ordinario.	12,51	0,63	
P42AG801	1,0000	ud	Botiquín de obra.	21,76	21,76	
			Man de obra			0,63
			Materiais			21,76
			Suma da partida			22,39
			Costes indirectos		6,00%	1,34
			TOTAL PARTIDA			**23,73**
SRMO		*ud*	***Recoñecemento medico obligat*** Ud. Recoñecemento médico obligatorio.			
P42IA040	1,0000	ud	Reconocemento médico obligat	48,20	48,20	
			Materiais			48,20
			Suma da partida			48,20
			Costes indirectos		6,00%	2,89
			TOTAL PARTIDA			**51,09**

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 09XC16V05

Código	Cantidade	Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
CAPÍTULO SS-7 FORMACIÓN REUNIÓNS OB. CUMPLIM.						
SCSH		*h*	***Comite de seguridade e hixiene*** Comité de seguridade composto por un técnico en materia de seguridade con categoria de encargado, dous traballadores con categoria de oficial de 2ª, un axudante e un vixiante de seguridade con categoria de oficial de 1ª, considerando una reunión como mínimo cada dous meses.			
OE	1,0000	h	Encargado de obra.	14,92	14,92	
OO2	2,0000	h	Oficial 2º.	13,17	26,34	
OO1	1,0000	h	Oficial 1ª.	13,42	13,42	
OPO	1,0000	h	Peón Ordinario.	12,51	12,51	
			Man de obra			67,19
			Suma da partida			67,19
			Costes indirectos		6,00%	4,03
			TOTAL PARTIDA			**71,22**
SFSH		*h*	***Formacion seguridade e hixiene*** Formación de seguridade e hixiene no traballo, considerando unha hora cada 15 días e realizada por un encargado.			
OE	1,0000	h	Encargado de obra.	14,92	14,92	
			Man de obra			14,92
			Suma da partida			14,92
			Costes indirectos		6,00%	0,90
			TOTAL PARTIDA			**15,82**

Planos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

FEDER
Fondo Europeo de Desarrollo Regional
UNIÓN EUROPEA
"Una manera de hacer Europa"

galicia o bo camiño

axi
axencia galega de infraestruturas

CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C. e P. AUTOR DO PROXECTO
Asdo. Pablo Bermúdez Ferreiro

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.e P. DIRECTORA DO PROXECTO
Asdo. Mª Jesús Tejada López

Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN
Asdo. Carlos Lefler Gullón

ESCALA: DIN A1: 1 / 50,000 DIN A3: 1 / 100.000
0 500 1,000 1,500 2,000m

TITULO: **ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543. Treito: Barcia - Roxos P.Q. 1+800 - 4+150**

CLAVE: AC/16/089.06

Nº DE PLANO: Anexo 17
FOLLA 1 DE 1

DESIGNACION DO PLANO: CENTROS DE SAUDE

DATA: Decembro 2016
Nº DE PAXINA:

Autor: —
Trazado: Alejandro
Ruta: H:\AJE.IJO\2016\Sendas\02-Barcia-Roxos
Nombre: A17-Centros Hospitalarios
Tamaño impresión ISO full bleed A3 (420.00 x 297.00 mm)
Tabla de plumas: COLOR grosor por capa.ctb

PROTECCION OBLIGATORIA
DE LA VISTA

PROTECCION OBLIGATORIA
DE LA CABEZA

PROTECCION OBLIGATORIA
DEL OIDO

PROTECCION OBLIGATORIA
DE LAS VIAS RESPIRATORIAS

PROTECCION OBLIGATORIA
DE LOS PIES

PROTECCION OBLIGATORIA
DE LAS MANOS

PROTECCION OBLIGATORIA
DEL CUERPO

PROTECCION OBLIGATORIA
CONTRA CAIDAS

SEÑALES DE OBLIGACIÓN



CARGAS SUSPENDIDAS

RIESGO DE TROPEZAR

CAIDA A DISTINTO NIVEL

PELIGRO EN GENERAL

SEÑALES DE ADVERTENCIA

ENTRADA PROHIBIDA
A LAS PERSONAS
NO AUTORIZADAS

PROHIBIDO PASAR
A LOS PEATONES

SEÑALES DE PROHIBICION

Tamaño impresión ISO full bleed A3 (420,00 x 297,00 mm)
Tabla de plumas COLOR grosor pormapa.ctb

Autor —
Trazado Alejandro

Ruta H:\ALEJO\2016\Sendas\02-Barcia-Roxos
Nombre A17 - SYS

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

UNIÓN EUROPEA
"Una manera de hacer Europa"

FEDER
Fondo Europeo de Desarrollo Regional

galicia o bo camiño

axi
axencia galega de infraestruturas

CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C.e P. AUTOR DO PROXECTO
Asdo. Pablo Blanco Ferreiro

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.e P. DIRECTORA DO PROXECTO
Asdo. Mª Jesús Tejada López

Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN
Asdo. Carlos Lefler Gullón

ESCALA: S/E

TITULO: **ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543. Treito: Barcia - Roxos P.Q. 1+800 - 4+150**

CLAVE: AC/16/089.06

Nº DE PLANO: Anexo 17
FOLLA 1 DE 6

DESIGNACION DO PLANO: SEGURIDADE E SAUDE

DATA: Decembro 2016
Nº DE PAXINA:





1. MATERIAL INCOMBUSTIBLE, RESISTENTE A GRASAS, SALES Y AGUA
2. CLASE N AISLANTE A 1000 V CLASE E-AT AISLANTE A 25000 V
3. MATERIAL NO RIGÍDO HIDROFUGO, FAĆIL LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN

CASCO DE SEGURIDAD NO METALÍCO



BOTA IMPERMEABLE AL AGUA Y A LA HUMEDAD



BOTA DE SEGURIDAD DE CLASE III



XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA	FEDER Fondo Europeo de Desarrollo Regional UNIÓN EUROPEA "Una manera de hacer Europa"	galicia o teu carácter	axi axencia galega de infraestruturas	CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C. e P. AUTOR DO PROXECTO Asdo. Pablo Rivero Ferreiro	A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.e P. DIRECTORA DO PROXECTO Asdo. Mª Jesús Tejada López	Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN Asdo. Carlos Lefler Gullón	ESCALA: S/E	TITULO: **ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543. Treito: Barcia - Roxos P.Q. 1+800 - 4+150**	CLAVE: AC/16/089.06	Nº DE PLANO: Anexo 17 FOLLA 2 DE 6	DESIGNACION DO PLANO: SEGURIDADE E SAUDE	DATA: Decembro 2016 Nº DE PAXINA:

Tamaño impresión ISO full bleed A3 (420.00 x 297.00 mm)
Tabla de plumas COLOR grosor acrcapa.ctb
Autor —
Trazado Alejandro
Ruta H:\ALEJO\2016\Sendas\02-Barcia-Roxos
Nombre A17 - SYS







SECCIÓN A–A

CINTURÓN DE SEGURIDAD CLASE A. TIPO 2

Tamaño impresión ISO full bleed A3 (420,00 x 297,00 mm)
Tabla de plumas COLOR grosor por capa.ctb

Autor —
Trazado Alejandro

Ruta H:\ALEJO\2016\Sendas\02-Barcia-Roxos
Nombre A17 - SYS

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA	FEDER Fondo Europeo de Desarrollo Regional UNIÓN EUROPEA "Una manera de hacer Europa"	galicia o ben camiño	axi axencia galega de infraestruturas	CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C. e P. AUTOR DO PROXECTO Asdo. Pablo Rivero Ferreiro	A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.e P. DIRECTORA DO PROXECTO Asdo. Mª Jesús Tejada López	Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN Asdo. Carlos Lefler Gullón	ESCALA: S/E	TITULO: **ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543. Treito: Barcia - Roxos P.Q. 1+800 - 4+150**	CLAVE: AC/16/089.06	Nº DE PLANO: Anexo 17 FOLLA 3 DE 6	DESIGNACION DO PLANO: SEGURIDADE E SAUDE	DATA: Decembro 2016 Nº DE PAXINA:



PASO BAJO LINEA ELÉCTRICA DE ALTA TENSIÓN

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA	FEDER Fondo Europeo de Desarrollo Regional UNIÓN EUROPEA "Una manera de hacer Europa"	galicia o bo cartaño	axi axencia galega de infraestruturas	CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.	O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C.e P. AUTOR DO PROXECTO Asdo. Pablo Rivero Ferreiro	A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.e P. DIRECTORA DO PROXECTO Asdo. Mª Jesús Tejada López	Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN Asdo. Carlos Lefler Gullón	ESCALA: S/E	TITULO: **ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543. Treito: Barcia - Roxos P.Q. 1+800 - 4+150**	CLAVE: AC/16/089.06	Nº DE PLANO: Anexo 17 FOLLA 4 DE 6	DESIGNACION DO PLANO: SEGURIDADE E SAUDE	DATA: Decembro 2016 Nº DE PAXINA:

Tamaño impresión ISO full bleed A3 (420,00 x 297,00 mm)
Tabla de plumas COLOR grosor acrcapa.ctb
Autor —
Trazado Alejandro
Ruta H:\ALE\OI\2016\Sendas\02-Barcia-Roxos
Nombre A17 - SYS



COMEDOR



BOTIQUIN

VESTUARIOS

Tamaño impresión ISO A4 (Hoja) A3 (420.00 x 297.00 mm)
Tabla de plumas COLOR grosor porcapa.ctb

Autor —
Trazado Alejandro

Ruta H:\ALEJO\2016\Sendas\02-Barcia-Roxos
Nombre A17 - SYS

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

FEDER Fondo Europeo de Desarrollo Regional
UNIÓN EUROPEA
"Una manera de hacer Europa"

galicia o bo camiño

axi avanza galega de infraestruturas

CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C.e P. AUTOR DO PROXECTO
Asdo. Pablo Ramos Ferreiro

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.e P. DIRECTORA DO PROXECTO
Asdo. Mª Jesús Folada López

Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN
Asdo. Carlos Lefler Guillón

ESCALA: S/E

TITULO: **ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543. Treito: Barcia - Roxos P.Q. 1+800 - 4+150**

CLAVE: AC/16/089.06

Nº DE PLANO: Anexo 17
FOLLA 5 DE 6

DESIGNACION DO PLANO: SEGURIDADE E SAUDE

DATA: Decembro 2016
Nº DE PAXINA:











CORDON BALIZAMIENTO



VALLAS DESVIO TRAFICO

CINTA BALIZAMIENTO



TOPE DE RETROCESO DE VERTIDO DE TIERRAS



H=PASO LIBRE
S=SEÑAL DE ALTURA MAX.

PORTICO DE BALIZAMIENTO DE LINEAS ELECTRICAS AEREAS

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

FEDER Fondo Europeo de Desarrollo Regional
UNIÓN EUROPEA
"Una manera de hacer Europa"

galicia o ben cantiño

axi avencia galega de infraestruturas

CONSULTOR: ESTUDIO TECNICO GALLEGO, S.A.

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS C.e P. AUTOR DO PROXECTO
Asdo. Pablo Blanco Ferreiro

A ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS C.e P. DIRECTORA DO PROXECTO
Asdo. Mª Jesús Tejada López

Vº Bº XEFE DE ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN
Asdo. Carlos Lefler Gullón

ESCALA: S/E

TITULO: **ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543. Treito: Barcia - Roxos P.Q. 1+800 - 4+150**

CLAVE: AC/16/089.06

Nº DE PLANO: Anexo 17
FOLLA 6 DE 6

DESIGNACION DO PLANO: SEGURIDADE E SAUDE

DATA: Decembro 2016
Nº DE PAXINA:

Autor: —
Trazado: Alejandro
Ruta: H:\ALEJO\2016\Sendas\02-Barcia-Roxos
Nombre: A17 - SYS
Tamaño impresión ISO full bleed A3 (420.00 x 297.00 mm)
Tabla de plumas: COLOR grosor porcaja.ctb

Prego de Prescricións Técnicas Particulares

PROXECTO CONSTRUTIVO:

ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-543. BARCIA – ROXOS. P.Q. 1+800 – 4+150

ANEXO Nº17 SEGURIDADE E SAÚDE

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉNICAS PARTICULARES

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN DESTE PREGO

O presente Prego de Prescricións Particulares forma parte do Estudo de Seguridade e Saúde do Proxecto. Redáctase este Prego en cumprimento do artigo 5.2.b do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de Construción.

Refírese este Prego, en consecuencia, a partir da enumeración das normas legais e regulamentarias aplicables á obra, ao establecemento das prescricións organizativas e técnicas que resultan esixibles en relación coa prevención de riscos laborais no curso da construción e, en particular, á definición da organización preventiva que corresponde ao contratista e, no seu caso, aos subcontratistas da obra e ás súas actuacións preventivas, así como á definición das prescricións técnicas que deben cumprir os sistemas e equipos de protección que haxan de utilizarse nas obras, formando parte ou non de equipos e máquinas de traballo.

Dadas as características das condicións a regular, o contido deste Prego atopa substancialmente complementado coas definicións efectuadas na Memoria deste Estudo de Seguridade e Saúde, en todo o que se refire a características técnicas preventivas a cumprir polos equipos de traballo e máquinas, así como polos sistemas e equipos de protección persoal e colectiva a utilizar, a súa composición, transporte, almacenamento e reposición, segundo corresponda. Nestas circunstancias, o contido normativo deste Prego ha de considerarse ampliado coas previsións técnicas da Memoria, formando ambos os dous documentos un só conxunto de prescricións esixibles durante a execución da obra.

2. LEXISLACIÓN E NORMAS APLICABLES

O corpo legal e normativo de obrigado cumprimento está constituído por diversas normas de moi variada condición e rango, actualmente condicionadas pola situación de vixencias que deriva da Lei 31/1.995, de Prevención de Riscos Laborais, agás no que se refire aos regulamentos dictados en desenvolvemento directo da devandita Lei que, obviamente, están plenamente vixentes e condicionan ou derrogan, á súa vez, outros textos normativos precedentes.

Con todo, o marco normativo vixente, propio de Prevención de Riscos Laborais no ámbito do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, concretase do modo seguinte:

Xerais:

- *Ordenanza Xeral de Seguridade e Hixiene no Traballo (O.M. de 09 – 30 – 71, vixente o capítulo 6 do título II)*
- *Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais (B.O.E. do 10-11-95).*
  - *Modificacións na Lei 50/1998, do 30 de decembro de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.*
  - *Modificacións na Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais. BOE núm. 298 do 13 de decembro.*
  - *Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 de 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais. BOE núm. 27, do 31 de xaneiro de 2004.*
- *Estatuto dos Traballadores (Real Decreto Lexislativo 1/95, do 24 de marzo)*
- *Regulamento dos Servizos de Prevención (Real Decreto 39/97, do 17 de xaneiro, B.O.E. 31-01-97)*
  - *Modificación do Regulamento dos Servizos de Prevención (Real Decreto 780/1998, do 30 de abril, B.O.E. 01-05-98)*
- *Desenvolvemento do Regulamento dos Servizos de Prevención (O.M. de 27-06-97, B.O.E. 04-07-97)*
- *Regulamento sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde relativas á Manipulación de Cargas (Real Decreto 487/1997, do 14 de abril, B.O.E. 23-04-97)*
- *Real Decreto 949/1997, do 20 de xuño, polo que se establece o certificado de profesionalidade da ocupación de prevencionista de riscos laborais*
- *Real Decreto 216/1999, do 5 de febreiro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo no ámbito das empresas de traballo temporal.*
- *Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social.*

Lugares de traballo:

- *Regulamento sobre disposicións mínimas en materia de Sinalización de Seguridade e Saúde no Traballo (Real Decreto 485/1997, do 14 de abril, B.O.E. 23-04-97)*
- *Regulamento sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nos Lugares Traballo [agás Construción] (Real Decreto 486/97, do 14 de abril, B.O.E. 23-04-97)*

Máquinas e equipos de traballo:

- *Decreto 2443/69, do 16 de agosto, Regulamento de Recipientes a Presión*
- *Real Decreto 2291/1985, do 8 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Aparatos de Elevación e Manutención (B.O.E. 11-12-85) e instrucións técnicas complementarias. no que poida quedar vixente.*
- *Real Decreto 1495/1986, polo que se aproba o Regulamento de Seguridade nas Máquinas (B.O.E. 21-07-86) e Reais Decretos 590/1989 (B.O.E. 03-06-89) e 830/1991 (B.O.E. 31-05-91) de modificación do primeiro.*
- *Real Decreto 474/1988, do 30 de marzo, polo que se establecen as disposicións de aplicación da Directiva 84/528/CEE, sobre aparatos elevadores e manexo mecánico (B.O.E. 20-05-88)*
- *O.M. de 07-04-88, pola que se aproba a Instrución Técnica Regulamentaria MSG-SM1, do Regulamento de Seguridade das Máquinas, referente a máquinas, elementos de máquinas ou sistemas de protección usados (B.O.E. 15-04-88).*
- *Real Decreto 1435/1992, sobre disposicións de aplicación da Directiva do Consello 89/392/CEE, relativa á aproximación de lexislacións dos estados membros sobre Máquinas (B.O.E. 11-12-92).*
  - *Real Decreto 56/1995, do 20 de xaneiro, que modifica o anterior 1435/1992.*
- *Regulamento sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde para a utilización polos traballadores dos Equipos de Traballo (Real Decreto 1215/1997, do 18 de xullo, B.O.E. 07-08-97)*
  - *Modificacións no Real Decreto 2177/2004, do 12 de Novembro.*
- *Regulamento sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde relativas ao traballo con Equipos que inclúen Pantallas de Visualización (Real Decreto 488/1997, do 14 de abril, B.O.E. 23-04-97)*
- *Orde do 28 de xuño de 1998, pola que se aproba a Instrución Técnica Complementaria MIE-AEM2 do Regulamento de Aparatos de Elevación e Manutención, referente a grúas torre desmontables para obras.*

Equipos de protección individual:

- *Real Decreto 1407/1992, do 20 de novembro, que regula as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos Equipos de Protección Individual (B.O.E. 28-12-92)*
- *Regulamento sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde relativas á utilización polos traballadores de Equipos de Protección Individual (Real Decreto 773/1997, do 22 de maio, B.O.E. 12-06-97)*

Electricidade:

- *Decreto 3115/1968, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Liñas Eléctricas Aéreas de Alta Tensión (B.O.E. 27-12-68)*
- *Real Decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico.*
- *Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión*

Enfermidades profesionais:

- *Real Decreto 1995/1981, do 27 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da seguridade social.*

Substancias e produtos químicos:

- *Real Decreto 363/ 1995, do 10 de marzo, Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetado de substancias perigosas.*
- *Real Decreto 379/2001, do 6 de abril, Regulamento de Almacenamento de produtos químicos e as súas Instrucións Técnicas complementarias.*
- *Real Decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.*
- *Real Decreto 255/2003, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetado de preparados perigosos.*
- *Lei 10/1998, do 21 de abril, Lei de Residuos*

Axentes físicos:

- *Real Decreto 1316/1989, do 27 de outubro, sobre protección dos traballadores fronte aos riscos derivados da exposición ao Ruído durante o traballo (B.O.E. 02-11-89). Derrogado salvo para os sectores da música e o ocio, nos que seguirá vixente ata o 15 de febreiro de 2008.*
- *Real Decreto 245/1989 sobre determinación e limitación da potencia acústica admisible de determinado material e maquinaria de obra (B.O.E. 11-03-89) e Real Decreto 71/1992, polo que se amplía o ámbito de aplicación do anterior, así como Ordes de desenvolvemento.*
- *Real Decreto 1311/2005, do 4 de novembro, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores fronte aos riscos derivados ou que poidan derivarse da exposición a vibracións mecánicas. BOE núm. 265 de 5 novembro.*
- *Real Decreto 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído.*

Axentes químicos e biolóxicos:

- *Decreto 2414/1961, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.*
- *Regulamento de Protección dos traballadores contra os Riscos relacionados coa Exposición a Axentes Biolóxicos durante o traballo (Real Decreto 664/1997, do 12 de maio, B.O.E. 24-05-97)*
- *Adaptación en función do progreso técnico do Real Decreto 664/1997 (Orde do 25 de marzo de 1998 (corrección de erros do 15 de abril)*
- *Regulamento de Protección dos traballadores contra os Riscos relacionados coa Exposición a Axentes Canceríxenos durante o traballo (Real Decreto 665/1997, do 12 de maio, B.O.E. 24-05-97)*
- *Real Decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.*

Incendios:

- *Real Decreto 1942/1993, de 5 novembro, Regulamento de Instalacións de protección contra de protección contra incendios.*

Construción:

- *Orde Ministerial, do 28 de outubro de 1970, Ordenanza Laboral de Construción, vidro e Cerámica.*
- *Regulamento sobre disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de Construción (Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, B.O.E. 25-10-97)*
- *Convenio Colectivo Provincial da Construción*
- *Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.*
- *Lei 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.*

Actividades especiais:

- *Real Decreto 863/1985, do 2 de abril, polo que se a aproba o Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira.*
- *Real Decreto 1389/1997, polo que se establecen disposicións mínimas destinadas a protexer a seguridade e a saúde dos traballadores nas actividades mineiras (B.O.E. 07-10-97).*
- *Real Decreto 230/1998, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Explosivos.*
- *Real Decreto 1488/98, do 10 de xullo, de adaptación da Lexislación de Prevención de Riscos Laborais á Administración Xeral do Estado.*
- *Orde PRE/2426/2004, de 21 de xullo, polo que se determina o contido, formato e levanza dos Libros-Rexistro de movementos e consumo de explosivos.*

Ademais, han de considerarse outras normas de carácter preventivo con orixe noutros Departamentos ministeriais, especialmente do Ministerio de Industria, e con diferente carácter de aplicabilidade, xa como normas propiamente ditas, xa como referencias técnicas de interese, a saber:

- *Lei de Industria (Lei 21/1992, do 16 de xullo, B.O.E. 26-07-92)*
- *Normas Tecnolóxicas da Edificación, do Ministerio de Fomento, aplicables en función das unidades de obra ou actividades correspondentes.*
